

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 23 de xaneiro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as trece horas do día 23 de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35976.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de xaneiro de 2026.

2.35977.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA
“+CONVIVENCIA” PARA O ANO 2026. (EXPTE.2025079075)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



2º.- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, éstas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, por razón de interese social, promove dende hai máis de vinte anos programas análogos como “Coñece a túa provincia” ou “En ruta coa Depo”, a través dos cales, os colectivos sociais da provincia de Pontevedra teñen participado de xeito moi activo.

Dende esta visión apóstase pola implementación dun programa de actividades sociocomunitarias de convivencia dirixido a colectivos sociais, que responde á necesidade imperante de reforzar a convivencia e cohesión social nas nosas comunidades. Nun mundo marcado pola diversidade e os desafíos sociais, estas actividades sociocomunitarias e socioculturais representan unha ferramenta invaluable para fomentar a integración, o entendemento mutuo e o respecto entre diferentes grupos.

Estas actividades ofrecen un espazo propicio para o encontro entre persoas de distintas idades, procedencias e circunstancias, creando oportunidades de interacción que transcenden as barreiras sociais e culturais. Ao saír do entorno cotiá e compartir experiencias nun contexto distinto os participantes teñen a oportunidade de coñecer realidades diversas, ampliar a súa perspectiva e desenvolver empatía cara ás situacións e necesidades doutras.

A diversidade cultural e social da nosa provincia é un dos nosos maiores activos, e é fundamental aproveitala como fonte de enriquecemento e aprendizaxe. Os programas de actividades sociocomunitarias para colectivos sociais permiten celebrar esta diversidade e promover o diálogo intercultural, reforzando os lazos de solidariedade e colaboración entre os distintos grupos que conforman a nosa sociedade.

Ademais, estas actividades contribúen significativamente á inclusión social ao ofrecer acceso equitativo a actividades recreativas e culturais que, doutra maneira, poderían estar fóra do alcance de certos colectivos. Ao brindar oportunidades de participación ás persoas de todos os ámbitos, combátense a exclusión e promóvese a igualdade de oportunidades, construíndo unha sociedade máis xusta e igualitaria.

En resumo, a creación dun programa de actividades socioculturais para colectivos sociais é unha medida proactiva e visionaria por parte da Deputación de Pontevedra, que reconece a importancia de investir no reforzamento do tecido social e na promoción da convivencia pacífica e solidaria. Ao fomentar o encontro, o intercambio e a colaboración entre diferentes grupos, estes programas sentan as bases para unha sociedade máis inclusiva, tolerante e cohesionada, onde cada individuo se sinta valorado e parte activa da súa comunidade.



4º.-O programa “+CONVIVENCIA” posto en marcha durante o anos 2024 e 2025 e que da continuidade ás anteriores iniciativas, consiste na concesión de axudas para a realización de actividades sociocomunitarias e de convivencia, co fin de crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra, onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

A novidosa dinámica do programa “+CONVIVENCIA” nos anos anteriores tivo unha gran acollida por parte das asociacións e entidades da provincia, e sendo a vontade da Deputación de Pontevedra mellorar o desenvolvemento deste programa de cara ao ano 2026, se pretende a incorporación nas novas bases de elementos que faciliten e promovan a maior e mellor participación neste programa das entidades interesadas.

5º.- Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actividade non poderá exceder da cantidade de mil douscentos (1.200,00) euros.

6º.- Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPAS e outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos, e que teñan a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

7º.- Serán obxecto de subvención aqueles gastos previstos a continuación e derivados da realización dalgunha das actividades enmarcadas dentro do “Catálogo +CONVIVENCIA” (Anexo I), que se realicen ata o 31 de decembro de 2026.

As actividades que se leven a cabo no contexto do programa “+Convivencia” durante o ano 2026 deberán desenvolverse no ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, tales coma:

- Custos de entradas ou similares.
- Gastos de medios de transporte.
- Gastos de axencias de viaxes.
- Gastos de guías oficiais de Galicia (<https://aci.turismo.gal/es/rexistro-de-empresas-e-actividades-turisticas>).



- Gastos de seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade.
- Gastos de restauración ou catering que non poderán exceder de 600,00 euros.

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.
- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro).
- Os destinados a atencións protocolarias (agasallos, flores, trofeos, premios, etc.).
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.

8º.- Salvo as excepcións contempladas nas bases, para poder ser beneficiaria deste programa actividade deberá contar cun número mínimo de 30 persoas participantes.

As actividades poderán realizarse a través dunha axencia de viaxes o directamente pola entidade solicitante.

As actividades poderán organizarse e desenvolverse directamente polas entidades ou asociación interesadas que, ao carecer de ánimo de lucro, dirixan a iniciativa aos membros da propia organización e non ao público en xeral.

No caso de participación de persoas non asociadas á entidade impulsora da actividade, canalizarase a través de unha axencia de viaxes.

9º.- O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir do día seguinte da publicación no BOPPO.

10º.- Cada entidade beneficiaria terá a obriga de planificar, coordinar e velar pola boa execución da actividade sociocultural solicitada ou, de ser o caso, contratar os servizos dunha axencia de viaxes, de acordo co previsto nas bases.

Entre outras obrigas a entidade solicitante deberá:

- Planificar a execución da actividade sociocultural proposta, establecendo día e horarios de realización.
- Difundir a actividade entre as persoas socias e, no seu caso, entre a comunidade.
- Coordinar os servizos de transporte (autocares, trens, barco, etc.), restauración ou catering se se contemplan, atendendo ás necesidades específicas das persoas participantes (menús adaptados ou infantís, sistemas de protección para menores, etc.)
- Contratar unha axencia de viaxes, transporte, restauración, seguros, guías, cando proceda.
- Xestionar o pago dos servizos contratados
- Xestionar as autorizacións das fotografías para uso exclusivo do programa, así coma de outras autorizacións se fosen precisas.



11º- Establécese unha contía consignada para esta convocatoria de subvencións para o ano 2026, con cargo á aplicación 26/231.2311.480.05 do Orzamento xeral da Deputación, que ascende a trescentos mil (300.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

12º.- Con data 28 de decembro de 2025, Secretaría Xeral emite informe favorable (CSV: KVCW2JRMYSKBCDOC) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que a posta en marcha desta liña de subvencións para a concesión de subvencións ao abeiro do programa “+CONVIVENCIA” 2026 enténdese dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento dos intereses xerais da provincia.

13º.- Con data 12 de xaneiro de 2026, Intervención emite informe favorable (CSV: N66UB2G8813TBFWZ) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta nas bases, 26/231.2311.480.05, considerase correcta para este fin e conta con crédito por importe de 300.000,00 €.

14º.-O órgano para a aprobación das bases reguladoras do programa “+ CONVIVENCIA” para o ano 2026 é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

De acordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria e bases reguladoras do Programa “+CONVIVENCIA” para o ano 2026.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có CSV: I3TRBYA0JO39ZDXR, reproducense a continuación:

“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+CONVIVENCIA” 2026

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins promover a xestión de políticas públicas para a cohesión social, dirixidas especialmente a satisfacer as necesidades da mocidade, das persoas maiores, das mulleres e das persoas con discapacidade da provincia.

Nesta liña, a través do Servizo de Benestar Social, creouse en 2024 o programa “+Convivencia”, baseado en experiencias anteriores coma “Coñece a túa provincia” ou “En ruta coa Depo”, actividades que contan cun grande arraigo na provincia e que se levan desenvolvendo desde hai máis de 20 anos co obxectivo de crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra, onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Así, este programa configúrase como un instrumento encamiñado ao fomento da participación, da convivencia e da cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, ofrecéndolles alternativas e tempo de lecer á poboación, impulsando a convivencia e o intercambio de experiencias, ao tempo que se garante a igualdade de oportunidades de colectivos con discapacidade.



Paralelamente, favorecerá a dinamización do tecido empresarial local en canto á contratación de pequenas e medianas empresas de autocares, restauración ou axencias de viaxes, entre outras, da contorna.

A experiencia da posta en marcha do programa “+Convivencia” durante os anos 2024 e 2025 reflicte un resultado positivo respecto das entidades participantes e da acollida da iniciativa entre o tecido asociativo potencialmente destinatario: entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, de maiores, veciñais e culturais e asociacións de nais e pais de centros escolares, con sede social ou delegación na provincia.

Con respecto aos anteriores programas “Coñece a túa provincia” ou “En ruta coa Depo”, o programa “+Convivencia” concedeulle unha maior autonomía de organización e xestión ás entidades beneficiarias, a cal foi acollida de xeito satisfactorio por estas, que puideron escoller libremente a tipoloxía de actividades socioculturais recollidas no catálogo das bases da convocatoria en función dos seus propios intereses e sensibilidades.

A conxunción entre ambos os elementos, o amplo catálogo de actividades socioculturais ofertadas e a variada tipoloxía de gastos subvencionables, así como a gran diversidade de concellos de procedencia das entidades solicitantes, todos da provincia de Pontevedra, fan que o impacto económico no tecido tanto asociativo coma empresarial da provincia xere un retorno a modo de beneficio non só económico, senón tamén para a aspiración final deste programa, tal como se configura actualmente.

No ano 2024 participaron en “+Convivencia” entidades procedentes de 54 concellos da provincia e no ano 2025 participaron entidades de 56 concellos, as cales, en consonancia coa dinámica de execución das respectivas iniciativas propostas, e de acordo coa regulación prevista nas bases, puideron elixir os gastos subvencionables que mellor se adaptaban ás súas preferencias e necesidades.

Así mesmo, o seu impacto económico no pasado ano acadou tamén unha dimensión temporal, xa que se comproba que contribuíu e tivo efecto coadxuvante na desestacionalización da contratación dos servizos necesarios para desenvolver as actividades, que se realizaron tanto nos meses tradicionalmente máis demandados, no caso das que teñen lugar ao aire libre, como tamén durante o resto do ano.

Como xa se sinalou, o programa ofrécelles ás entidades participantes unha maior autonomía para escoller as actividades socioculturais que máis lles interesen dentro do catálogo de actividades socioculturais previstas no anexo I, así como a época do ano que mellor se adapte ás súas necesidades.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recóllese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.



Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa “+Convivencia”, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do programa “+Convivencia” e regular o procedemento polo que se rexerán as solicitudes de participación neste programa para o ano 2026.

Segunda. Finalidade

A finalidade deste programa é crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Terceira. Financiamento, contías e límites

3.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2311.480.05 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a trescentos mil (300.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

3.2. A contía máxima da axuda será de 1.200,00 euros por entidade, ata esgotarse o crédito orzamentario asignado para esta convocatoria. No en tanto, a contía efectiva concedida poderá axustarse durante a fase de xustificación, en función dos gastos realmente xustificadas polas entidades solicitantes.

O importe final concedido será determinado en función dos custos acreditados na documentación presentada durante a xustificación, de modo que a axuda non poderá superar a contía de 1.200,00 euros, nin poderá exceder os gastos xustificadas.

Cuarta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e resolución deste procedemento atenderá aos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

Ao tratarse dunha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as solicitudes resolveranse pola orde de prelación referida na base 15 e que reúnan os requisitos da convocatoria.

Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as seguintes entidades:



- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.*
- *Asociacións/federacións de maiores, mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na anterior.*
- *Asociacións de nais e pais*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.*

Sexta. Requisitos das entidades beneficiarias

- *Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
- *Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.*
- *Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- *Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.*

Sétima. Actuacións e gastos subvencionables

7.1. Serán obxecto de subvención aqueles gastos derivados da realización dalgunha das actividades enmarcadas dentro do catálogo de “+Convivencia” (anexo I) que se efectúen do 1 de abril de 2026 ao 31 de decembro de 2026.

7.2. As actividades que se leven a cabo no contexto do programa “+Convivencia” deberán desenvolverse no ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra.

7.3. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, como, por exemplo, os gastos de:

- *Entradas ou similares.*
- *Medios de transporte (barco, bus, etc).*
- *Axencias de viaxes.*
- *Guías oficiais de Galicia (<https://aei.turismo.gal/es/rexistro-de-empresas-e-actividades-turisticas>).*
- *Seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade.*
- *Restauración ou catering, que non poderán exceder de seiscientos (600,00) euros.*

7.4. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- *Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro).*
- *Os destinados a atencións protocolarias (agasallos, flores, trofeos, premios etc.).*
- *As adquisicións de bens ou os que teñan a consideración de investimento.*

7.5. Para poder beneficiarse deste programa, a actividade deberá contar cun número mínimo de 30 persoas participantes.



7.6. O número mínimo de persoas beneficiarias poderá reducirse a 20 cando a actividade se dirixa a colectivos con discapacidade ou con necesidades de apoio específicas, sempre que esta circunstancia quede debidamente xustificada na solicitude, no apartado destinado a observacións.

7.7. As actividades poderán realizarse a través dunha axencia de viaxes ou directamente pola entidade solicitante.

- As actividades poderán organizarse e desenvolverse directamente polas entidades ou asociacións interesadas que, ao carecer de ánimo de lucro, dirixan a iniciativa aos membros da propia organización e non ao público en xeral.
- No caso de que participen persoas non asociadas á entidade impulsora da actividade, canalizarase a través dunha axencia de viaxes.

Oitava. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións.

As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, agás aquelas outorgadas pola Deputación de Pontevedra para esa mesma finalidade concreta.

En ningún caso a suma de todas as axudas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada, procedéndose, se é necesario, á redución proporcional da contía concedida.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

Novena. Forma e modalidade de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). A representación pode acreditarse mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, segundo o previsto no artigo 32 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a partir do día seguinte da publicación no BOPPO.



Décima primeira. Documentación complementaria

As entidades interesadas deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación que proceda en arquivos independentes en formato PDF:

- *Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, en caso de non empregar un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no artigo 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa aplicable.*
- *Estatutos vixentes, coa composición actualizada da Xunta Directiva, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas ou que sufrisen algunha variación respecto da última documentación presentada na devandita liña.*
- *Certificado bancario actualizado, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas ou que sufrisen algunha variación respecto da última documentación presentada na devandita liña.*

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo segunda. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou os elaborados polas restantes administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Domicilio fiscal da entidade.*

En caso de opoñerse á consulta, deberá indicarse no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. En caso de que fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es/>.



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Non serán válidos outros medios de comunicación, coma correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Décimo quinta. Procedemento de concesión

16.1. O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva entre todas as asociacións sen fins de lucro que presenten a correspondente solicitude en forma e prazo. En caso de que o número de solicitudes exceda o de actividades ofertadas, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.*
- Asociacións/ federacións de maiores, mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na anterior.*
- Asociacións de nais e pais.*
- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.*

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.



Tendo en conta o anterior, concederanse de forma inicial un máximo de 250 actividades e o resto das solicitudes quedarán en listaxe de agarda.

Establécese un prazo máximo de seis (6) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido o devandito prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

16.2. A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar tanta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

O órgano instrutor elaborará un informe-proposta de resolución no que se recollerá a relación das 250 entidades solicitantes para as que se propoña a concesión da subvención, por un importe de 1.200,00 euros cada unha, de acordo á orde de prelación sinalada. Así mesmo, o informe incluírá a relación das entidades excluídas, indicando de maneira motivada a causa da súa exclusión.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos da súa exclusión, así como unha lista de agarda.

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

17.1. Comunicar ao Servizo de Benestar Social calquera cambio da actividade respecto do presentado na solicitude, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Aportar a información relativa ao desenvolvemento da actividade, incluíndo, de ser o caso, a data, o lugar de saída , etc, cando así lles sexa requirido pola Deputación de Pontevedra para a correcta xestión, coordinación ou seguimento das actuacións subvencionadas.

17.2. Coordinar e velar pola boa execución da actividade sociocultural solicitada ou, de ser o caso, contratar os servizos dunha axencia de viaxes, de acordo co previsto na base 7.7.

Entre outras obrigas, a entidade solicitante deberá:

- ✓ Planificar a execución da actividade sociocultural proposta e establecer o día e os horarios de realización.*
- ✓ Difundir a actividade entre as persoas socias e, no seu caso, entre a comunidade.*



- ✓ Coordinar os servizos de transporte (autocares, trens, barco etc.), restauración ou catering, de ser o caso, atendendo ás necesidades específicas das persoas participantes (menús adaptados ou infantís, sistemas de protección para menores etc.).
- ✓ Contratar unha axencia de viaxes, transporte, restauración, seguros ou guías, segundo proceda.
- ✓ Xestionar o pagamento dos servizos contratados.
- ✓ Xestionar as autorizacións das fotografías para uso exclusivo do programa, así como outras autorizacións se fosen precisas.

17.3. Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias deberán:

a) Levar a cabo a actuación subvencionable e presentar a xustificación na forma e no prazo.

b) Realizar unha publicidade adecuada do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, como mínimo, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade e a veracidade da difusión. O manual de imaxe corporativa poderase consultar en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

c) Pagarlles ás e aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.

d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma de pagamento e así quede acreditado no expediente, poderá empregarse o pago en efectivo. O incumprimento desta disposición para gastos que superen o importe de novecentos (900) euros suporá que estes se consideren non subvencionables, segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

e) No procedemento de instrución deberase comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente antelación, poidan modificarse. Se a entidade decide renunciar ao programa ou non ten a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar a súa renuncia a través da Sede electrónica.

f) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.

g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da institución provincial na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.



b) A actividade desenvolvida pola entidade debe cumprir as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; no Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; e na demais lexislación vixente en materia de igualdade; e respectar o exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

15.3. A Deputación de Pontevedra quedará eximida de calquera responsabilidade derivada da execución das actividades que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria; é obriga das entidades beneficiarias a súa contratación, ademais de asegurarse do cumprimento da normativa de seguridade e saúde, riscos laborais, fiscal, laboral e outras que se atopen en vigor e poidan afectar a súa execución.

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación, como máximo, ata o 31 de xaneiro de 2027, este incluído.

As entidades beneficiarias deberán entregar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/dymanic/catalogo/tramitesxeneticos>), a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, a seguinte documentación:

- 1. Declaración responsable relativa á realización e desenvolvemento da actuación subvencionable, que incluírá a data en que tivese lugar e o número de persoas participantes.*
- 2. Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido (achegar o documento gráfico).*
- 3. Conta xustificativa dos gastos e ingresos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, onde figura a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos na base sétima.

- 4. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; para cada factura ou documento análogo indicaranse o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.*

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

Décimo oitava. Pagamento

Para facer efectiva a subvención terase en conta os custos xustificados, de modo que a axuda non poderá superar a contía de 1.200,00 euros, nin poderá exceder os gastos xustificados:

- En caso de que se xustifique o gasto de 1.200,00 euros, segundo o establecido na base sétima de actuacións e gastos subvencionables, aboarase a totalidade da subvención.*
- En caso de que se xustifique un gasto inferior aos 1.200,00 euros, aboarase a parte que corresponda.*

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.



Décimo novena. Incumprimentos e réxime sancionador

Se a entidade beneficiaria non presenta a documentación unha vez vencido o prazo, o Servizo de Benestar Social requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda da subvención e as responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, e tras a tramitación do oportuno expediente, dará lugar, de forma parcial ou total, á súa cancelación e, no caso de que a subvención xa fose aboada, á obriga de reintegrar a achega económica, consonte o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que na Lei de orzamentos xerais do Estado se estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto no artigo 52 e seguintes da LXS, no artigo 50 e seguintes da LSG e no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

ANEXO I

CATÁLOGO DE “+CONVIVENCIA”

Actividades socioculturais na provincia de Pontevedra

1. *Actividades relacionadas coa arqueoloxía (castros, dolmens, mámoas, gravados rupestres, menhires, xacementos).*
2. *Actividades relacionadas coa arquitectura civil (castelos e fortalezas, pazos e casonas, conxuntos históricos, esculturas, pontes).*
3. *Actividades relacionadas coa arquitectura relixiosa (conventos, mosteiros, igrexas, templos).*
4. *Actividades relacionadas coa arquitectura popular e etnográfica (muíños, curros, cruceiros, hórreos).*
5. *Actividades relacionadas coa arquitectura náutica (faros).*
6. *Actividades relacionadas con museos.*
7. *Actividades relacionadas con centros de interpretación.*
8. *Actividades relacionadas con salas de exposición.*
9. *Actividades relacionadas co Camiño de Santiago (na provincia de Pontevedra).*
10. *Actividades relacionadas con festas (de interese turístico, gastronómico, histórico ou popular, romarías etc.).*
11. *Actividades relacionadas con espazos naturais (bens de interese cultural, monumentos naturais, parques naturais, parques nacionais, zonas húmidas protexidas, espazos protexidos incluídos na Rede Natura 2000, espazos naturais de interese local, espazos privados de interese natural, reservas naturais).*
12. *Actividades relacionadas con:*
 - *Rutas culturais*
 - *Rutas BTT*
 - *Rutas costeiras*
 - *Rutas fluviais*
 - *Rutas temáticas*
 - *Rutas panorámicas*
 - *Adegas que formen parte da Ruta do Viño Rías Baixas*
 - *Sendeiros*

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>.



3.35978.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS” CORRESPONDENTES AO ANO 2026. (EXPTE.2025067180)

I. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxías que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada Lei dispón que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, elabora as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2026.

O 9 de outubro de 2025 emítese informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: TAQ4WPU66CRGEUGH).

O 15 de decembro de 2025 emítese informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: MR86TWLSNJVFICBC).

O 12 de xaneiro de 2026 Intervención emite informe con observacións (CSV: 0L88WQYDUJZV9A77) e certifica a existencia de crédito por importe de 280.000,00 € na aplicación 26/433.4320.462.03, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 12026000011770.



II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas .
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2026, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 280.000,00 €, na aplicación 26/433.4320.462.03.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” correspondentes ao ano 2026 que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): PZHK3XONL8C3D6XV, que son do seguinte tenor literal:



“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DERIVADOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE PROVINCIAL INFO RLASBAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2026.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea (UE), ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter a UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para crear emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxías que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada lei dispón que lles corresponde ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, o asesoramento e o apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a concesión de subvencións públicas destinadas a financiar os custos derivados da prestación de servizos de información en oficinas de turismo e/ou puntos de información adheridos á rede provincial de oficinas INFO RLASBAIXAS imputables ao exercicio de 2026, coa finalidade de colaborar no fomento do turismo e na profesionalización do sector da provincia de Pontevedra e de calidade da propia rede INFO RLASBAIXAS, segundo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade.

2. ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para financiar os seguintes gastos:

- *Custos salariais das e dos empregados públicos que presten servizos e proporcionen información a visitantes nas oficinas de turismo.*
- *Gastos derivados da contratación da prestación do servizo de atención ao público e información nas oficinas de turismo.*

En todo caso, as oficinas de turismo e/ou puntos de información turística onde se preste o servizo deberán estar adheridos á rede de oficinas INFO RLASBAIXAS.

Poderán concederse axudas para financiar os custos derivados da prestación do servizo dunha persoa por cada oficina e/ou punto de información turística adherido, salvo no caso de entidades declaradas como "municipio turístico", ás que se lles poderá conceder unha subvención para financiar os custos derivados da prestación do servizo de dúas persoas por oficina ou punto de información.



O persoal que preste os servizos deberá contar con algunha das seguintes titulacións:

- *Grao en Turismo ou equivalente (MECES nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións EQF)*
- *Ciclo Superior en Guía Turístico, Información e Asistencia Turísticas ou equivalente (referente europeo: CINE-5b)*
- *Certificado de profesionalidade e promoción turística local e información ao visitante (código HOTI0108 e HOT 336_3)*

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas subvencións as entidades locais que integran a Administración local da provincia de Pontevedra e os organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes destas que cumpran os seguintes requisitos:

- *Dispoñer de oficina de turismo e/ou punto de información turística adheridos á rede de oficinas INFO RIASBAIXAS, aos cales se destinará o persoal cuxo custo de financiamento será obxecto da subvención.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA).*
- *Non ter débedas coa Deputación de Pontevedra.*
- *Estar ao corrente de pagamento coa Seguridade Social.*
- *Non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).*
- *Non ter pendente de xustificación subvenciones anteriores pagadas por anticipado pola Deputación de Pontevedra.*

As entidades beneficiarias poderán realizar as solicitudes oportunas para oficinas ou puntos de información turística adheridos á rede de oficinas INFO RIASBAIXAS.

4. FINANCIAMENTO, GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Este programa de subvencións financiarase coa cantidade de douscentos oitenta mil (280.000,00) euros, con cargo á aplicación 26/433.4320.462.03 do Orzamento da Deputación de Pontevedra.

O importe máximo da subvención para cada unha das entidades solicitantes non poderá exceder do 75 % do seu orzamento nin das seguintes contías:

- *No caso de que se subvencionen os custos derivados da posta á disposición de dúas persoas para realizar tarefas de información nas oficinas de turismo: catorce mil (14.000,00) euros por punto de información solicitante.*
- *No caso de que se subvencionen os custos derivados da dotación dunha persoa para realizar tarefas de información nas oficinas de turismo: sete mil (7.000,00) euros por punto de información solicitante.*

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Serán gastos subvencionables os realizados durante o ano 2026, incluídos os efectuados con data anterior á concesión da subvención sempre que sexan necesarios para executar o obxecto subvencionado.

5. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>, CÓDIGO SLA 1934732), de conformidade co disposto nos



artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Aceptarase unha solicitude de subvención por oficina de turismo e/ou punto de información adherido á rede de oficinas INFO RIASBAIXAS.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

7. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas detallados a continuación:

- *Certificados de calidade:*
 - *SICTED, segundo a Secretaría de Estado de Turismo: <https://www.calidadendestino.es/>*
 - *Marca Q de Calidade, segundo o Instituto de Calidade Turística de España (ICTE): <https://www.calidadturistica.es/>*
- *Declaracións de municipios de interese turístico de Galicia, regulados no artigo 27 da Lei de 7/2011, de turismo de Galicia, e no Decreto 32/2015.*
- *Declaracións de festas de interese turístico:*
 - *Festas de interese turístico de Galicia, reguladas no artigo 93 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia e no Decreto 4/2015.*
 - *Festas de interese turístico nacional e internacional, reguladas na Orde ICT/851/2019.*

Se as entidades interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

En caso de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle á entidade interesada que o presente on, na súa falta, que acredite por outro medio os requisitos aos que se refire o documento antes de formularse a proposta de resolución.

8. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e demais actos administrativos realizaranse unicamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e directamente desde <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.



O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos en ningún caso producirán o efecto dunha notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

A notificación da resolución de concesión de subvencións realizarase mediante a publicación no BOPPO, de conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP.

9. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

10. VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das axudas realizarase por concorrencia competitiva; para iso, teranse en conta os seguintes criterios e poderase obter un máximo de 100 puntos:

1) *En caso de contar con máis dunha oficina e/ou punto de información turística adheridos á rede de oficinas INFO RIASBAIXAS dependente da entidade solicitante, as solicitudes realizaranse por cada oficina e/ou punto de información adherido.*

2) *Declaración de "municipio turístico" da entidade solicitante pola Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia e o Decreto 32/2015, de 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico: 20 puntos.*

3) *Período de apertura da oficina de turismo e/ou punto de información turística á que se adscribirá o persoal para o que se solicita a axuda para o seu financiamento. Valorarase o número de meses do ano de apertura ao público, tanto se conta con persoal financiado con cargo á subvención solicitada coma con outro persoal. No caso de fraccións inferiores a un mes, redondearase á alza.*

- *2 puntos por cada mes (máximo de 24 puntos).*



A oficina de turismo deberá estar aberta ao público un mínimo de cinco días á semana e seis horas ao día ou, en todo caso, 30 horas á semana. Terase en conta o artigo 34.3 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, para non superar as horas ordinarias de traballo efectivo.

4) *Período de duración da prestación dos servizos para os que se solicita a axuda. No caso de fraccións inferiores a un mes, redondearase á alza. No caso de solicitar unha subvención para cubrir os gastos de dúas persoas informadoras, terase en conta o de menor duración.*

- *2 puntos por cada mes (máximo de 24 puntos).*

5) *Obtención do distintivo Compromiso de Calidade Turística do Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos (SICTED): 10 puntos.*

6) *Obtención da certificación da marca “Q de Calidade Turística” seguindo a norma UNE-ISO 14785 de oficinas de turismo: 10 puntos.*

7) *Realización no ámbito territorial da entidade solicitante de festas de interese turístico de Galicia, nacional ou internacional no municipio no que se sitúe a oficina de turismo adherida á rede INFO RIASBAIXAS, e en conformidade co disposto no artigo 93.1 da Lei 7/2011 do 27 de outubro, de turismo de Galicia, o Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festa de interese turístico de Galicia e a Orde ICT/851/2019 do 25 de xullo, pola que se regula a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional: ata 12 puntos.*

- *Festa de interese turístico de Galicia: 2 puntos (máximo de 12 puntos).*

- *Festa de interese turístico nacional: 6 puntos (máximo de 12 puntos).*

- *Festa de interese turístico internacional: 10 puntos (máximo de 12 puntos).*

11. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

A instrución do procedemento de concesión da subvención corresponderalle ao Servizo de Turismo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). As actividades de instrución incluírán:

a) *A petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que existan as normas que regulan a subvención.*

b) *A avaliación das solicitudes de acordo cos criterios de valoración.*

Unha vez avaliadas as solicitudes e logo do informe de Intervención, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se incluírá o resultado da avaliación realizada.

O Servizo de Turismo, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará ás persoas interesadas e que lles outorgará un prazo de dez (10) días para presentar alegacións. No caso de que no procedemento non concorresen outros feitos que os aducidos polas persoas interesadas, prescindirase deste trámite de audiencia, e a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado integrado polos seguintes membros:

Presidente O deputado delegado en materia de turismo.



*Vogais Dous membros do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.
Un membro do equipo técnico do Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra.
Secretaria ou secretario Un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.*

A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis (6) meses desde a publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo sen notificarlles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase como desestimada por silencio administrativo.

A resolución de concesión de subvencións publicarase no BOPPO para os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP.

A resolución ponlle fin á vía administrativa. Contra ela, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso facultativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 112 e 124 da LPACAP, ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

12. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

As axudas concedidas entenderanse aceptadas se as entidades beneficiarias non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles desde a súa notificación.

13. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, unha vez revogada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a modificación da resolución da concesión que supoña unha redución do importe concedido ou unha alteración das actuacións que se integran na actividade, que poderán ser autorizadas cando sexa motivada por caso fortuíto e sexa necesario para o bo fin da actividade obxecto ou finalidade da subvención e non danen os dereitos de terceiras persoas. Esta solicitude de modificación deberá presentarse tan pronto como se coñeza a alteración e, como máximo, no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión da subvención e sempre antes da realización da actividade subvencionada. Para determinar a modificación da subvención, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, determinaranse o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que en todo caso serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

14. MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DA ACCIÓN SUBVENCIONADA POR CIRCUNSTANCIAS OCORRIDAS POR FORZA MAIOR

No caso de que se adopten medidas administrativas xerais por razóns de interese público ou circunstancias de forza maior que requiran a modificación das datas de apertura e/ou contratación do persoal das oficinas de turismo, a entidade beneficiaria poderá facelo sen necesidade de obter a autorización expresa da Deputación de Pontevedra, sempre que as datas resultantes se



manteñan dentro do mesmo ano natural e se cumpra cos criterios de valoración, e así será notificado no momento e/ ou contemplado na documentación xustificativa.

En ningún caso este cambio poderá dar lugar a un aumento da contía da subvención concedida.

15. PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión da subvención no BOPPO e na súa páxina web, e remitirla á BDNS.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán dar a coñecer adecuadamente o carácter público do financiamento recibido de forma previa ao comezo da actividade subvencionada.

A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, na publicación na páxina web e/ ou nas redes sociais da entidade beneficiaria das axudas concedidas pola Deputación de Pontevedra para financiar os custos derivados da prestación do servizo de atención ao público nas oficinas de turismo da rede INFO RÍASBAIXAS, así como o para cumprir as obrigas relativas á pertenza á rede, contempladas na súa ordenanza reguladora de referencia.

16. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, de organismos nacionais, da UE ou internacionais, pero en ningún caso a contía total da subvención poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para eses efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas outorgadas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio, salvo as concedidas en virtude do Plan de obras e servizos (Plan +Provincia), coas que serán compatibles. A persoa beneficiaria deberá comunicar, no seu caso, que xa se lle concedeu outra subvención do organismo provincial.

17. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir as seguintes obrigas:

a) *Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención e presentar a xustificación en tempo e en forma. En todo caso, a selección de persoal ou a contratación da prestación do servizo deberá cumprir cos requisitos establecidos na normativa aplicable.*

b) *Manter a apertura ao público da oficina durante o prazo indicado na solicitude. En todo caso, para poder ser beneficiaria da subvención, as entidades deberán garantir que a oficina de turismo estea aberta ao público:*

- *Polo menos dous meses da temporada alta, que no destino Rías Baixas abarca a Semana Santa e do 15 de xuño ao 30 de setembro.*



No caso de que no municipio desde o que se solicita a subvención teña unha temporada alta diferente á que se indica, deberá xustificarse cun informe con estatísticas.

- O período de apertura será como mínimo de cinco días á semana e de seis horas ao día ou un horario que compute semanalmente 30 horas.

c) *Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos na base décimo quinta da convocatoria, tanto na súa forma coma no prazo. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da entidade beneficiaria acompañada de calquera outro medio de proba que permita coñecer a realidade da difusión.*

d) *Cumprir coas obrigas derivadas de pertencer á rede de oficinas INFO RIASBAIXAS, segundo o artigo 16 da Ordenanza reguladora do funcionamento da rede provincial de oficinas de turismo INFO RIASBAIXAS, publicada no BOPPO núm. 72, de 13 de abril de 2022.*

e) *Establecer como obriga para o persoal de información das oficinas de turismo participar nas xornadas formativas organizadas pola Deputación de Pontevedra relacionadas coa xestión das oficinas de turismo adheridas á rede INFO RIASBAIXAS.*

f) *Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada para que, de estimarse con suficiente antelación, se poida modificar tanto o contido coma a contía da finalidade subvencionada, así como a súa forma e prazo de execución e a xustificación dos gastos correspondentes.*

g) *Comunicar cando, por acumulación de subvencións ou axudas recibidas cun mesmo fin, todas elas excedan do custo total da actividade subvencionada; nese caso deberá modificarse a contía da subvención.*

h) *Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada en BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016.*

18. XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a actividade obxecto da subvención, a entidade beneficiaria terá de prazo ata o 31 de marzo de 2027 para presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), atendendo aos artigos 30.2 e 30.7 da LXS, e segundo o previsto na base novena, a seguinte documentación:

1. *Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:*

a) *Memoria explicativa e detallada da realización da actividade e da finalidade subvencionada, con mención expresa dos resultados obtidos na oficina ou punto de información e na que obrigatoriamente deberán constar:*

- Os datos identificativos do persoal contratado, a titulación e a duración do contrato.
- O período de apertura e o horario da oficina de turismo á que estivo adscrito o persoal para o que se solicita a axuda.

b) *Acreditación do cumprimento da difusión do financiamento obtido, en tempo e en forma establecidos.*



c) *Acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora de aplicación no referente á selección do persoal obxecto da subvención ou á contratación da prestación do servizo.*

O incumprimento das obrigas da rede INFO RLASBAIXAS pode dar lugar á perda da subvención e, en caso de contar con períodos de suspensión de adhesión, serán penalizados na contía da subvención, tal e como se prevé na base vinte, de incumprimentos, reintegros e réxime sancionador.

2. *Xustificación de gastos:*

a) *Conta xustificativa de gastos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as nóminas, facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Esta conta xustificativa conterá unha declaración responsable de que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade subvencionada, se aprobaron polo órgano competente e se atopan á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame.*

b) *Declaración responsable do persoal funcionario competente de que os gastos cuxos datos figuran na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada, se aprobaron polo órgano competente e se atopan á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, no seu caso, os xustificantes correspondentes.*

No caso de que o servizo de atención ao público sexa prestado por persoas empregadas públicas que non dediquen toda a súa xornada laboral a este, deberá indicarse a porcentaxe de imputación dos custos salariais á finalidade subvencionada.

3. *Xustificación de ingresos:*

a) *Conta xustificativa de ingresos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, que incluírá:*

- *Detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada (con indicación da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra e as achegas doutras entidades, organismos, particulares etc.) e do financiamento propio.*
- *Declaración responsable de que os ingresos ou recursos obtidos por conta allea non superan o custo ou gasto da finalidade subvencionada.*

O incumprimento das obrigas de xustificación dará lugar á perda da subvención e, en caso de pagamento anticipado, iniciárase o procedemento de reintegro da subvención.

19. *PAGAMENTO*

O pagamento realízase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade subvencionada.

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*
- *As penalizacións por incumprimento de obrigas aplicaranse sobre a porcentaxe xustificada da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria.



A variación ou incumprimento de condicións ou circunstancias valorables na concesión que, de coñecerse no momento da valoración, deseen lugar a unha subvención inferior, suporá o axuste á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que poderá producirse o inicio do procedemento de perda ao dereito de cobro da subvención.

20. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presente a documentación xustificativa, o Servizo de Turismo requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste único prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar á cancelación e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

En caso de incumprimento dalgunha das obrigas como entidade adherida, recollidas na base décimo sétima, que lle afectan ao servizo de atención ao público na rede INFO RIASBAIXAS que é o obxecto da subvención, será causa de perda ou reintegro desta, tal e como se sinala no artigo 37.1.g da LXS.

En caso de contar con algún período de suspensión da adhesión á rede INFO RIASBAIXAS, penalizarase minorando a contía da subvención, segundo o establecido no artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra. A suspensións penalizables son:

- *Suspensión de adhesión á rede de 1 a 5 días: 1 % da contía subvencionable.*
- *Suspensión de adhesión á rede de 6 a 15 días: 3 % da contía subvencionable.*
- *Suspensión de adhesión á rede de 16 a 30 días: 5 % da contía subvencionable.*
- *Suspensión de adhesión á rede superior a un (1) mes: perda da subvención.*

O reintegro levará engadida a existencia de xuros de demora correspondentes desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro. De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, será de aplicación o previsto no título IV, capítulo I e capítulo II da LXS, e no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

21. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Ademais aplicaranse o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación.

Así mesmo, rexeranse pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, polas de dereito privado.



22. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

4.35979.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 8 “A FESTA DO CORPUS CHRISTI EN PONTEAREAS. CREACIÓN DO PRIMEIRO MUSEO AO AIRE LIBRE, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO – PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (EXPTE.2025081571)

I. ANTECEDENTES

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolvido conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.



Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As inversións do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan o tres niveles de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre o tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

No marco desta convocatoria extraordinaria a Deputación de Pontevedra presentou o "Plan de Sustentabilidade Turística do Condado Paradanta. Unha terra entre ríos" (PSTD do Condado Paradanta).

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Y demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaria de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 investimento 1 do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio 2021

2. CONSIDERACIONES XURÍDICAS E TÉCNICAS

En consecuencia, A deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 17 de setembro de 2021 o proxecto “CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RÍOS”.



O citado proxecto ten como obxectivo promover o crecemento equilibrado e impulsar a renovación do sector turístico de Condado Paradanta e orientalo na dinámica do turismo sostible e mellorar a calidade de vida na contorna. O modelo de desenvolvemento turístico de Condado Paradanta implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do seu patrimonio natural e cultural. Situarase ás persoas no centro da estratexia potenciando a xeración de oportunidades e potenciando a participación cidadá e dos visitantes no desenvolvemento dun novo modelo turístico orientado cara á sustentabilidade e creación de tecido produtivo e asociativo. Prevese mellorar a rendibilidade social e económica do turismo na comarca.

O ámbito de actuación do proxecto son concellos das Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, A Cañiza, Arbo, Covelo e Crecente, e debe estar executado, segundo a addenda asinada, o próximo 30 de maio de 2026.

A financiación do ministerio e o 100% do Ministerio, a través da Xunta de Galicia, sendo o orzamento total de 2.100.000 €

No BOE do 13 de Xaneiro publícase a Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 investimento 1 do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio 2021, tamén consta no crédito asignado a PT Galicia 2021 ao PSTD Condado Paradanta unha Terra entre dúas Ríos, detallando a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 1.500.000, 00 €.

Posteriormente asinouse adenda incrementando o importe das actuacións previstas.

O concello de Pontearreas mostrou o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo levado a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto a implementar dentro do seu termo municipal.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas de Modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencias en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, os municipios, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eixos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.



Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto de convenio é articular ditas bases para a execución de actuacións seleccionadas polos Concellos no seu termo municipal dentro do marco do citado proxecto.

Comezada a execución do Plan de Sustentabilidade, o servizo de turismo contrata a redacción do proxecto da “CONTRATO DE REDACCION PROXECTO DE REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR PARA ADAPTACIÓN A OFICINA DE TURISMO E PORTAL DO CORPUS EN PONTEAREAS, DENTRO DA ACTUACIÓN 8 DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CONDADO PARADANTA “UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, APROBADO NO MARCO DO PLAN TERRITORIAL DA CCAA DE GALICIA NO MARCO DO PRTR - FINANCIADO POLA UE - NEXTGENERATION EU”, que consta no expediente 2025051425.

No convenio especificanse, entre outras cláusulas, as características e requisitos das actuacións, o importe e o financiamento, os compromisos das partes, a vixencia do convenio e a súa extinción, recollendo, cando menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, achégase a correspondente memoria xustificativa, na que se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada lei.

O 22 de decembro de 2025 emítese informe sobre a necesidade de aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Ponteareas *PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 8 “A FESTA DO CORPUS CHRISTI EN PONTEAREAS. CREACIÓN DO PRIMEIRO MUSEO AO AIRE LIBRE, RECOLLIDA NO PROXECTO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO-PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU*. (CSV):4AL4IQZIDP97VN54

O 15 de xaneiro de 2026 Intervención emite informe (CSV):BGT4AKUYD1LAZAXX e certifica a existencia de crédito por importe de 442.205,76 euros, IVE engadido nas aplicacións orzamentarias do proxecto de gasto 92210005 CONDADO-PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RÍOS, nas que se xerou crédito pola achega da xunta de Galicia.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA LEVAR A CABO



DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 8 “A FESTA DO CORPUS CHRISTI EN PONTEAREAS. CREACIÓN DO PRIMEIRO MUSEO AO AIRE LIBRE, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURISTICA NO DESTINO CONDADO-PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU” cuxo texto é como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL A ACTUACIÓN 8 “A FESTA DO CORPUS CHRISTI EN PONTEAREAS. CREACIÓN DO PRIMEIRO MUSEO AO AIRE LIBRE, RECOLLIDO NO PROXECTO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURISTICA NO DESTINO CONDADO-PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU.

En Pontevedra, na data da firma electrónica

INTERVENEN

Dunha parte, D. Luís López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, Dña. María Nava Castro Domínguez, quen actúa en nome e na representación do Concello de Ponteareas, en virtude da súa condición de Alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo.

EXPONEN

I. Que ambas as institucións comparten o principio de que os municipios, como administracións democraticamente elixidas, deben ser os axentes protagonistas e partícipes fundamentais nos ámbitos nos que se definen, deseñan e impulsan as políticas públicas de carácter local. Así mesmo, ambas as partes coinciden en que as deputacións provinciais deben actuar como institucións de cooperación local, desenvolvendo políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan acceder en condicións de igualdade aos mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Unión Europea, mediante o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) como instrumento principal do programa NextGenerationEU, destinado a financiar investimentos e reformas orientadas a unha recuperación sustentable, dixital e resiliente.

III. Que o Goberno de España aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) por Acordo do Consello de Ministros de 27 de abril de 2021, cuxa publicidade se deu mediante Resolución de 29 de abril de 2021. O Compoñente 14 do PRTR inclúe o investimento C14.I1, relativa ao Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en



Destino (PSTD), unha actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as entidades locais.

IV. Que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión de 28 de xullo de 2021, aprobou a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, que regula os criterios de selección, as obrigacións de xestión e as esixencias de seguimento, control e xustificación aplicables aos PSTD financiados con cargo ao PRTR.

V. Que a Deputación Provincial de Pontevedra presentou á convocatoria extraordinaria de PSTD 2021 o proxecto “Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos”, que foi aprobado pola Secretaría de Estado de Turismo, conforme á Resolución de 4 de xaneiro de 2022.

VI. Que o PSTD Condado-Paradanta contempla, entre outras, a Actuación 8: “A Festa do Corpus Christi en Ponteareas. Creación do primeiro museo ao aire libre”, integrada por varios subproxectos, algúns executados directamente pola Deputación Provincial de Pontevedra.

VII. Que o Concello de Ponteareas trasladou á Deputación a necesidade de incorporar dentro da Actuación 8 o subproxecto “Casiña do Corpus - Museo ao aire libre”, esencial para a conceptualización do museo ao aire libre e para a valorización cultural do Corpus Christi, iniciando os trámites para a adquisición do inmovble situado no Recuncho dá Praza Vella n.º 10. Dita adquisición foi posteriormente formalizada e inscrita a nome do Concello o 15/05/2025, segundo certificación rexistral incorporada ao expediente.

VIII. Que a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou á Axencia de Turismo de Galicia a modificación do PSTD para incorporar devandito subproxecto, sendo incluída na Addenda aprobada en decembro de 2024, que así mesmo, ampliou o prazo de execución até 31 de maio de 2026, adaptou o convenio á nova redacción dos fitos e obxectivos do PRTR (CID 217, 218, 219, 220 e 221), e actualizou a programación e distribución financeira.

IX. Que, conforme ao convenio suscrito entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación e a súa Addenda, é responsabilidade da Deputación coordinar a execución do PSTD e garantir o cumprimento das obrigacións derivadas do PRTR, incluído o principio de DNSH, a etiquetaxe climática e dixital e as medidas antifraude previstas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021.

X. Que a execución material do subproxecto “Casiña do Corpus - Museo ao aire libre”, ao localizarse integramente no termo municipal de Ponteareas e recaer sobre un inmovble da súa titularidade, corresponde necesariamente ao Concello, que debe licitar, executar e xustificar as actuacións financiadas.

XI. Que, por todo iso, ambas as Administracións consideran necesario subscribir o presente convenio, ao amparo dos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, e do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, co fin de articular a colaboración para a execución do subproxecto “Casiña do Corpus - Museo ao aire libre”, integrado na Actuación 8 do PSTD Condado-Paradanta e financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

En base a ditos antecedentes, as partes acordan a suscripción deste convenio, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Ponteareas para a execución do subproxecto “Casiña do Corpus - Museo ao aire libre”, integrado na Actuación 8 do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Condado-Paradanta. Unha terra entre ríos, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Compoñente 14, investimento C14.I1.



A efectos de delimitar o alcance da actuación, faise constar que a Deputación Provincial de Pontevedra realizou xa diversas actuacións preparatorias, consistentes na limpeza do inmovible, o levantamento topográfico e a redacción do proxecto técnico da obra, estando prevista a execución material da intervención a cargo do Concello de Pontearreas, na súa condición de titular do inmovible e administración competente para a contratación e execución das obras no seu ámbito municipal.

A actuación desenvolverase conforme á programación aprobada na Addenda de 2024 ao convenio subscrito entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, e terá como finalidade contribuír ao cumprimento dos fitos e obxectivos asociados ao PRTR e ao PSTD Condado-Paradanta. A súa execución someterase ao establecido no Regulamento (UE) 2021/241, na normativa nacional aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e especialmente na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro.

SEGUNDA. ACTUACIONES A DESENVOLVER

1. Actuación obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a execución do subproxecto “Casiña do Corpus - Museo ao aire libre”, integrado na Actuación 8 do PSTD Condado-Paradanta, e consistente na recuperación e adecuación do inmovible situado no Recuncho dá Praza Vella n.º 10, así como na posta en valor dos elementos asociados á Festa do Corpus Christi para a súa integración nun espazo museístico aberto.

2. Actuacións xa realizadas pola Deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación Provincial de Pontevedra levou a cabo, con carácter previo á subscrición do presente convenio, as seguintes actuacións preparatorias vinculadas ao subproxecto:

- *Limpeza e acondicionamento inicial do inmovible,*
- *Levantamento topográfico,*
- *Redacción do proxecto técnico da obra,*

que servirán de base para a execución material do subproxecto por parte do concello de Pontearreas.

Estas actuacións non serán obxecto de financiamento a través deste convenio, sen prexuízo da súa consideración como parte integral do desenvolvemento da Actuación 8.

3. Actuacións a executar polo Concello de Pontearreas

a) Corresponde ao Concello de Pontearreas a execución material da actuación, comprendendo, entre outras, as seguintes tarefas:

b) Contratación e execución da obra definida no proxecto técnico redactado pola Deputación, incluíndo as adaptacións que resulten necesarias para a súa correcta execución, previo cumprimento dos trámites administrativos que procedan.

c) Xestión integral do procedemento de contratación, incluíndo:

- a. aprobación do proxecto técnico (se fose preceptivo),*
- b. aprobación do expediente e dos pregos,*
- c. licitación, adxudicación e formalización do contrato.*

d) Dirección facultativa, coordinación de seguridade e saúde e demais asistencias técnicas necesarias.

e) Execución das actuacións complementarias necesarias para a correcta posta en uso do espazo museístico, sempre que formen parte do orzamento aprobado no PSTD ou do seu reprogramación.

f) A execución da actuación conforme aos requisitos, procedementos e obrigacións derivados do PRTR, sen prexuízo do seu desenvolvemento en cláusulas posteriores.

4. Documentos de referencia

As actuacións a executar deberán axustarse a:



- proxecto técnico redactado pola Deputación Provincial de Pontevedra, (Anexo I do presente convenio, no que se detalla o orzamento, obxectos e alcance da actuación.)
- a Addenda de 2024 que reprograma a Actuación 8.

Calquera modificación substancial do proxecto deberá ser obxecto de aprobación previa pola Deputación Provincial de Pontevedra e, no seu caso, de autorización por parte da Axencia de Turismo de Galicia cando afecte á elixibilidade, ao orzamento ou aos fitos e obxectivos do PRTR.

TERCERA. OBRIGAS DAS PARTES

1. Obrigacións da Deputación Provincial de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar a actuación até un máximo de 442.205,76 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433.4325.762.42 (Proxecto 92210005 - PSTD Condado-Paradanta «Unha terra entre ríos

Así mesmo, corresponde á Deputación realizar as funcións de seguimento, supervisión e control do desenvolvemento do subproxecto, velando pola súa correcta execución técnica e económica, polo cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos no marco do PRTR, e polo respecto ás obrigacións asociadas ao financiamento con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A Deputación facilitará ao Concello a documentación técnica e administrativa necesaria, incluído o proxecto técnico redactado polos seus servizos, e coordinará co Concello as accións de comunicación, difusión e visibilidade vinculadas ao subproxecto, asegurando o cumprimento das obrigacións de transparencia previstas na normativa PRTR.

Igualmente, a Deputación velará pola prevención do dobre financiamento do subproxecto e comunicará á Axencia de Turismo de Galicia calquera outra axuda que puidese recibir o Concello para o mesmo fin. Manterá contabilidade separada ou equivalente das actuacións imputables ao PSTD e presentará a xustificación da execución global do proxecto ante a Axencia de Turismo de Galicia nos prazos establecidos.

Na súa condición de responsable da coordinación do PSTD, a Deputación revisará a xustificación presentada polo Concello e poderá requirir canta información, documentación ou aclaración resulte necesaria para garantir o adecuado cumprimento do PRTR.

2. Obrigacións Concello de Ponteareas

O Concello de Ponteareas comprométese a executar en tempo e forma a actuación vinculada ao subproxecto “Casiña do Corpus - Museo ao aire libre”, conforme ao proxecto técnico redactado pola Deputación, á Addenda de 2024 do convenio entre a Deputación e a Axencia de Turismo de Galicia, e ao Anexo I do presente convenio.

Corresponde ao Concello a tramitación completa do expediente de contratación, incluíndo a aprobación do proxecto (cando cumpra), a licitación, adxudicación e formalización do contrato, así como calquera modificación que resulte necesaria. O Concello asumirá igualmente a dirección facultativa da obra, a coordinación de seguridade e saúde e cuantos medios humanos, técnicos e materiais sexan necesarios para a correcta execución do subproxecto.

O Concello será responsable de obter as licenzas, autorizacións e permisos que sexan precisos e de executar todas as obras, subministracións, acometidas e actuacións complementarias necesarias para a posta en uso do espazo museístico.

Unha vez recepcionada a obra, o Concello asumirá o mantemento e conservación da infraestrutura e os seus compoñentes durante un período mínimo de cinco anos, garantindo que non se produzan modificacións substanciais que alteren a súa natureza ou finalidade. Así mesmo, velará por que a infraestrutura se destine exclusivamente ao uso previsto e elaborará informes anuais de inventario e seguimento do seu mantemento.



O Concello comunicará inmediatamente á Deputación a obtención doutras axudas ou subvencións destinadas á mesma finalidade e comprométese a devolver as cantidades indebidamente percibidas ou non xustificadas, así como os intereses que correspondan cando cumpra.

3. Obrigacións vinculadas ao PRTR

O Concello asume integramente as obrigacións establecidas pola normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e, en particular, as seguintes:

- a) Cumprimento normativo e de fitos e obxectivos; Cumprir a normativa europea e nacional aplicable ao PRTR e asegurar o cumprimento dos fitos e obxectivos asignados ao subproxecto, con especial atención aos prazos establecidos na Addenda de 2024 e neste convenio.*
- b) DNSH, sustentabilidade e economía circular; Cumprir o principio de “non causar un prexuízo significativo” (DNSH), de acordo co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, a Guía Técnica 2021/C 58/01 e a normativa ambiental aplicable.*
- c) Etiquetaxe climática e dixital Garantir o cumprimento da etiquetaxe verde e dixital que corresponda á actuación, facilitando a información necesaria para a súa verificación.*
- d) Prevención da fraude, corrupción e conflitos de interese; Cumprir a Orde HFP/1030/2021, achegando as DACI do persoal implicado e dos subcontratistas, e adoptando as medidas necesarias para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción, o conflito de interese e o dobre financiamento. O Concello declara o seu compromiso co Plan antifraude municipal.*
- e) Trazabilidade, datos e cesión de información PRTR; Cumprir a Orde HFP/1031/2021, garantindo a trazabilidade dos fondos, a contabilidade separada ou equivalente e a subministración da información esixida, incluíndo a relativa a subcontratistas, titulares reais, contratistas e destinatarios finais.*
- f) Control, verificación e auditoría; Someterse ás actuacións de control e auditoría da Deputación, a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado, a IGAE, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, a Comisión Europea e o Tribunal de Contas Europeo, facilitando toda a documentación requirida en formato electrónico.*
- g) Conservación documental: Conservar a documentación xustificativa durante cinco anos (ou tres anos cando o financiamento non supere 60.000 euros), conforme á normativa europea de aplicación.*
- h) Publicidade PRTR: Cumprir as obrigacións de información, comunicación e visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 e no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021.*

4. Obrigacións de xustificación e prazo específico

O Concello deberá presentar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación técnica e económica completa da actuación, incluíndo todos os documentos, datos e evidencias esixidos pola normativa do PRTR, antes do 20 de maio de 2026, co fin de permitir á Deputación cumprir os prazos de xustificación derivados do convenio subscrito coa Axencia de Turismo de Galicia.

O incumprimento desta obrigación ou deste prazo terá a consideración de incumprimento esencial do presente convenio, podendo dar lugar ao reintegro das cantidades percibidas, sen prexuízo das demais responsabilidades que resulten aplicables.

5. Responsabilidade por incumprimento

O Concello manterá unha comunicación permanente coa Deputación de Pontevedra (Turismo Rías Baixas), informando o grao de execución, incidencias e resultados obtidos, e facilitando toda a información necesaria para o seguimento e control do convenio e para o cumprimento das obrigacións que a Deputación asume como entidade beneficiaria do PSTD.



CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO, XUSTIFICACIÓN E FINANCIACIÓN

Importe, orixe e natureza dos fondos

A actuación obxecto do presente convenio está subvencionada ao 100 % con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Compoñente 14, Inversión 1 (Plans de Sustentabilidade Turística en Destino).

A Deputación Provincial de Pontevedra financiará o importe finalmente executado, certificado e liquidado da obra, incluídos os axustes derivados da liquidación, sempre que sexan elixíbles conforme á normativa do PRTR, ata un máximo de 442.205,76 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433.4325.762.42 (Proxecto 92210005 – PSTD Condado–Paradanta «Unha terra entre ríos»).

Os fondos teñen carácter estritamente finalista, debendo destinarse integramente ás actuacións definidas na cláusula segunda e no Anexo I, non podendo aplicarse a gastos distintos nin a conceptos non elixíbles conforme á normativa PRTR.

Modalidade de pago

De conformidade co artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o pago da aportación económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o Concello de Pontearreas xustifique adecuadamente a realización do proxecto para o que se concede a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

Xustificación dos fondos

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo o Concello presentar a seguinte documentación:

1. Documentación xeneral

- Facturas rexistradas no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE) ou plataforma equivalente.*
- Acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.*
- Certificacións de obra executada.*

2. Documentación a presentar coa primeira certificación:

- Acta de comprobación do replanteo.*
- Proba gráfica da difusión dada á inversión financiada.*
- Nomeamento do/da Director/a de obra e do/da Coordinador/a de Seguridade e Saúde.*
- Contrato de adxudicación da obra.*
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas ou pendentes de resolución.*
- Acordo ou resolución de aprobación do proxecto de inversión.*

3. Documentación a presentar coa última certificación

- Informe final do/a Director/a de obra.*
- No caso de existir modificado contractual, certificación acreditativa da súa tramitación conforme á LCSP.*
- Acta de recepción da obra.*
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento financiado.*
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, aprobadas ou pendentes de resolución.*
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas do artigo 10.2 da Lei 9/2007, de*

Subvencións de Galicia.

4. Outra documentación

O Concello deberá achegar calquera outra documentación exixíble pola normativa vixente ou necesaria para comprobar a correcta execución do obxecto do convenio.



No caso de incumprimento do prazo e/ou perda da subvención, o concello de Ponteareas faculta expresamente á Deputación de Pontevedra para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lles poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2027 no Plan + Provincia.

O Concello deberá presentar ante a Deputación Provincial de Pontevedra a xustificación técnica e económica completa da actuación antes do 20 de maio de 2026, co fin de permitir á Deputación cumprir os prazos de xustificación establecidos no convenio subscrito coa Axencia de Turismo de Galicia.

A xustificación técnica e económica deberá incluír, necesariamente, unha memoria técnica xustificativa da actuación executada, asinada por persoal técnico competente do Concello, na que se recolla, polo menos:

- a) Descrición detallada das actuacións realizadas, con indicación da súa adecuación ao proxecto técnico aprobado e, no seu caso, ás modificacións autorizadas.
- b) Grao de execución física e temporal da actuación, con indicación das datas relevantes e, no seu caso, incidencias producidas durante a execución.
- c) Acreditación do cumprimento dos obxectivos e fitos asignados á actuación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino.
- d) Xustificación do cumprimento do principio de ?non causar un prexuízo significativo? (DNSH), así como da etiquetaxe climática e dixital aplicable á actuación.
- e) Relación das evidencias achegadas en materia de publicidade, información e visibilidade do PRTR.
- f) Calquera outra información técnica relevante para a correcta verificación da actuación e da elixibilidade do gasto.

A memoria técnica xustificativa formará parte inseparable da xustificación final e a súa ausencia ou insuficiencia terá a consideración de xustificación incompleta, aos efectos previstos no presente convenio.

Este prazo é improrrogable e constitúe condición esencial do convenio. O incumprimento do mesmo, ou a presentación dunha xustificación incompleta, terá a consideración de incumprimento esencial, podendo dar lugar ao reintegro das cantidades xa percibidas.

Comprobación e conformidade por parte da Deputación

A Deputación levará a cabo a revisión da xustificación presentada, podendo requirir ao Concello a subsanación de calquera defecto, a achega de documentación adicional ou a aclaración de aspectos técnicos ou económicos.

A validación da xustificación por parte da Deputación acreditará:

- a correcta execución da actuación,
- a elixibilidade do gasto,
- o cumprimento das obrigacións PRTR,
- e a adecuación aos fitos e obxectivos previstos.

Imposibilidade de dobre financiación

O Concello garante que os gastos imputados a este convenio non recibirán financiamento adicional procedente de ningunha outra administración pública ou entidade privada, nacional ou internacional. Calquera axuda adicional deberá comunicarse de forma inmediata á Deputación.

Gastos non elixibles e aportacións municipais

Serán a cargo do Concello:

- Os gastos non elixibles conforme á normativa PRTR;
- Os importes derivados de modificacións do proxecto non autorizadas conforme a este convenio;
- calquera coste adicional necesario para a execución ou posta en funcionamento da infraestrutura que non estea incluído dentro do orzamento financiado ao 100 % polo PRTR.



Control financeiro externo

Os fondos xestionados no marco deste convenio quedan sometidos á fiscalización e control do Tribunal de Contas, do Consello de Contas de Galicia, así como dos órganos nacionais e europeos de auditoría do PRTR.

O Concello deberá facilitar tanta información ou documentación lle sexa requirida durante todo o período de vida do proxecto e durante o tempo de conservación documental esixido pola normativa PRTR.

CLÁUSULA QUINTA. PROCEDEMIENTO DE EXECUCIÓN E NORMATIVA APLICABLE

Normativa PRTR e marco regulatorio

A execución das actuacións financiadas mediante este convenio axustarase ao establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR; na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, relativa á información do PRTR; na normativa de contratación do sector público; na normativa ambiental aplicable; e no resto de disposicións que rexan a execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Condado-Paradanta.

Ambas as partes quedan obrigadas ao cumprimento deste marco normativo durante todo o ciclo de vida da actuación.

Principio de “no causar prexuízo significativo” (DNSH)

As actuacións executaranse respectando plenamente o principio de “non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente?” (DNSH), conforme ao artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 e a Guía Técnica 2021/C 58/01.

O Concello achegará a documentación e evidencias necesarias para acreditar o devandito cumprimento durante a execución e na xustificación final.

Trazabilidade, integridade e transparencia da información

Tódolos datos, documentos e evidencias relativos á actuación deberán cumprir as esixencias de trazabilidade e integridade establecidas nas Ordes HFP/1030/2021 e HFP/1031/2021, incluíndo:

- *contabilidade separada ou sistema equivalente;*
- *identificación completa de contratistas, subcontratistas e destinatarios finais;*
- *titularidade real;*
- *DACI;*
- *conservación de documentos en formato electrónico;*
- *integridade e fiabilidade da información achegada.*

O Concello será responsable da veracidade e exactitude dos datos fornecidos.

Publicidade, comunicación e visibilidade

As actuacións deberán cumprir coas obrigacións de visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 e nas directrices da Deputación e da Axencia de Turismo de Galicia.

O Concello deberá utilizar os logotipos oficiais, instalar sinalización PRTR e coordinar coa Deputación calquera acción de comunicación institucional.

Aplicación dos principios de economía, eficiencia e eficacia

O Concello garantirá que os fondos públicos destínanse ao fin para o cal foron asignados, aplicando os principios de boa xestión financeira, economía e eficiencia.

Obrigacións en materia de contratación pública

O Concello tramitará integramente o expediente de contratación, axustándose á Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e ao marco PRTR.

Calquera modificación do contrato que afecte a elixibilidade, custos, fitos ou obxectivos requirirá a autorización previa da Deputación. Responsabilidade no cumprimento do PRTR.



O Concello será responsable directo do cumprimento das obrigacións PRTR, sen prexuízo das competencias de coordinación e supervisión da Deputación.

CLÁUSULA SEXTA. SEGUIMIENTO, CONTROL E VERIFICACIÓN

Funcións de seguimento da Deputación

A Deputación Provincial de Pontevedra realizará un seguimento continuado da execución da actuación, verificando o seu avance físico e financeiro, o respecto ao proxecto técnico, o cumprimento dos fitos e prazos, e o cumprimento do marco PRTR.

Acceso a documentación e instalacións

O Concello facilitará á Deputación o acceso a:

- expedientes de contratación;
- informes técnicos e económicos;
- certificacións e facturas;
- evidencias PRTR;
- documentación contable e de trazabilidade;
- instalacións vinculadas á actuación.

A Deputación poderá requirir documentación adicional en calquera momento.

Controis internos e auditorías externas

A actuación será sometida aos controis, verificacións e auditorías que poidan realizar:

- Intervención da Deputación
- Intervención Municipal
- Intervención Xeneral do Estado
- Xunta / Axencia
- Comisión Europea
- Tribunal de Contas
- Tribunal de Contas Europeo

O concello comprométese a colaborar plenamente con todas estas entidades.

Requirimentos durante a execución

A Deputación poderá dirixir ao concello requirimentos de aclaración, subsanación ou aportación de documentación, que deberán ser atendidos no prazo que se estableza.

Informes de seguimento

O concello remitirá informes periódicos á Deputación con información sobre a execución da obra, grado de avance, incidencias e calquera extremo relevante para o cumprimento do PRTR.

Consecuencias do incumprimento

O incumprimento das obrigas de seguimento, control ou subministro de información poderá constituír incumprimento esencial, podendo dar lugar á suspensión de pagos, denegación do pago final, exixencia de reintegro ou resolución do convenio.

CLÁUSULA SÉTIMA. OBRIGAS PRTR E RESPONSABILIDADE FINANCEIRA DO CONCELLO

Responsabilidade plena na execución

O Concello asume a responsabilidade íntegra da correcta execución do subproxecto financiado con fondos PRTR, garantindo o cumprimento da normativa europea, estatal e autonómica aplicable, así como das obrigas derivadas do convenio Deputación–Axencia e do presente convenio.



Contratación pública PRTR

O Concello será responsable de que a contratación se axuste á LCSP e ás esixencias PRTR (DACI, titular real, integridade, trazabilidade, documentación completa). As modificacións contractuais que afecten á elixibilidade, custos, fitos ou obxectivos requirirán autorización previa da Deputación.

DNSH, sustentabilidade e etiquetado PRTR

O Concello garantirá o cumprimento do principio DNSH conforme ao Regulamento (UE) 2020/852 e á Guía Técnica 2021/C 58/01, achegando as evidencias correspondentes, así como o cumprimento das obrigas de etiquetado verde e dixital.

Trazabilidade e xestión de datos PRTR

O Concello deberá cumprir coas obrigas de trazabilidade previstas na Orde HFP/1031/2021, incluíndo contabilidade separada, identificación de contratistas e titulares reais, DACI, conservación documental durante cinco anos e subministración de datos harmonizados PRTR.

Publicidade e visibilidade PRTR

O Concello deberá cumprir as obrigas de comunicación PRTR, instalar a sinalización correspondente e coordinar coa Deputación toda acción comunicativa vinculada ao proxecto.

Xustificación anticipada obrigatoria

O Concello deberá presentar a xustificación técnica e económica completa antes do 20 de maio de 2026. O incumprimento deste prazo terá a consideración de incumprimento esencial, cos efectos previstos neste convenio.

Responsabilidade financeira e reintegros

O Concello será responsable de calquera importe cuxa devolución lle sexa esixida á Deputación por incumprimentos imputables ao Concello, debendo reintegrar á Deputación o principal e os xuros que correspondan.

Prohibición de dobre financiamento

O Concello garantirá que non se producirá dobre financiamento e comunicará inmediatamente á Deputación calquera axuda adicional que puidese recibir para a mesma finalidade.

CLÁUSULA OITAVA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista neste convenio, financiada ao 100 % polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU, terá a consideración de subvención de carácter finalista e estará suxeita ao cumprimento da normativa específica aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

A financiación regulada neste convenio non será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os mesmos custos imputados ao PRTR, de conformidade co principio de prohibición de dobre financiamento establecido no Regulamento (UE) 2021/241, na Orde HFP/1030/2021 e no convenio suscrito entre a Deputación e a Axencia de Turismo de Galicia.

Non obstante o anterior, poderán ser compatibles outras axudas que se concedan para financiar gastos distintos, adicionais ou non imputados ao presente convenio, sempre que non afecten á elixibilidade do gasto PRTR nin supoñan unha minoración do custo xustificable.

En ningún caso o importe total das axudas ou ingresos percibidos para a mesma actuación poderá superar o custo real das contratacións subvencionadas. Calquera exceso deberá ser reintegrado nos termos da normativa aplicable.

De conformidade co artigo 14.1.d) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e co artigo 33 do seu Regulamento, o Concello de Ponteareas deberá comunicar inmediatamente á Deputación a obtención de calquera outra axuda, subvención ou ingreso destinado total ou parcialmente á finalidade prevista neste convenio, permitindo á Deputación realizar as verificacións necesarias para evitar a dobre financiación.



CLÁUSULA NOVENA. REINTEGROS E RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO

Supostos de reintegro

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas polo Concello de Pontearreas cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas.*
- b) Incumprimento total ou parcial do obxecto da subvención ou do proxecto financiado.*
- c) Incumprimento do prazo de execución ou xustificación previsto neste convenio.*
- d) Gastos non elixibles conforme ao PRTR ou á normativa aplicable.*
- e) Incumprimento de obrigas derivadas da normativa PRTR, especialmente as relativas a contratación, DNSH, trazabilidade, datos harmonizados, DACI, información e publicidade.*
- f) Incumprimento dos fíto ou obxectivos vinculados ao PRTR.*
- g) Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control, auditoría ou verificación.*
- h) Dobre financiamento de gastos imputados a este convenio.*

Obrigación de reintegro por esixencias doutras Administracións

Cando calquera órgano nacional ou europeo (incluíndo a Axencia de Turismo de Galicia, a Administración Xeral do Estado, a Comisión Europea, o Tribunal de Contas ou o Tribunal de Contas Europeo) esixa o reintegro de cantidades á Deputación de Pontevedra debido a incumprimentos imputables ao Concello, este deberá reintegrar á Deputación, no prazo que esta determine, a totalidade dos importes afectados, xunto cos xuros de demora que resulten aplicables.

Natureza da responsabilidade financeira

O Concello asumirá:

- a) a responsabilidade financeira completa derivada da súa actuación como entidade executora do gasto,*
- b) calquera axuste negativo, minoración, corrección financeira ou reintegro relacionado con gastos executados polo Concello,*
- c) a obriga de devolver á Deputación os importes indebidamente percibidos,*
- d) sen prexuízo das accións adicionais que poidan corresponder á Deputación para esixir responsabilidades.*

Dada a natureza anticipada do pagamento realizado pola Deputación conforme a este convenio, o reintegro poderá alcanzar a totalidade das cantidades percibidas, sen prexuízo dos xuros que procedan.

Procedemento de reintegro

O procedemento de reintegro rexerase polos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo seu Regulamento.

En particular: a Deputación notificará ao Concello o inicio do procedemento, outorgará trámite de audiencia e ditará resolución motivada fixando a cantidade a reintegrar e o prazo de ingreso.

O incumprimento do reintegro dentro do prazo fixado poderá dar lugar á exixibilidade por vía de constrinximento.

Incumprimento esencial

Terán a consideración de incumprimento esencial, e poderán dar lugar ao reintegro total da subvención: a non xustificación antes do 20 de maio de 2026; a non execución total da actuación; a falta de cumprimento do DNSH; a omisión de evidencias PRTR que impidan a xustificación; a falta de colaboración coas auditorías; e, en xeral, calquera incumprimento que afecte á acreditación dos fíto e obxectivos do PRTR.

Efectos sobre a vixencia do convenio

O reintegro parcial ou total poderá dar lugar, se é o caso, á resolución anticipada do convenio, sen prexuízo da exixencia de responsabilidades adicionais conforme á normativa aplicable.



CLÁUSULA DÉCIMA. PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E VISIBILIDADE PRTR

O Concello de Pontearreas deberá cumprir coas obrigas de información, comunicación e visibilidade previstas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021 e nas directrices que establezan a Deputación Provincial de Pontevedra e a Axencia de Turismo de Galicia no marco do PSTD Condado–Paradanta.

En tódalas actuacións de información ou comunicación relativas ao proxecto deberá incluírse:

- emblema da Deputación de Pontevedra,
- o emblema da Unión Europea,
- o texto «Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU»,
- os elementos gráficos esixidos pola normativa do PRTR e polas guías de visibilidade aplicables.

Así mesmo, cando proceda, empregarase a identidade gráfica do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (España PODE), conforme á normativa vixente.

Os carteis informativos e as placas permanentes deberán colocarse nun lugar visible e accesible ao público.

O incumprimento destas obrigas poderá constituír causa de reintegro e será sancionable conforme aos artigos 18, 37 e 56 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

CLÁUSULA UNDECIMA. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese a tratar a información intercambiada con motivo da execución do presente convenio coa confidencialidade esixible, sen prexuízo do cumprimento das obrigas de transparencia, trazabilidade, cesión de información e control establecidas pola normativa do PRTR.

Os datos persoais que deban tratarse no marco deste convenio xestionaranse conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD), á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e á normativa sectorial aplicable.

A obriga de confidencialidade subsistirá tras a finalización do convenio, sen prexuízo da obriga de facilitar información aos órganos de control nacionais e europeos.

CLÁUSULA DUODECIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por:

- Dúas persoas representantes da Deputación Provincial de Pontevedra (a Presidencia ou persoa en quen delegue, e unha persoa funcionaria ou técnica designada).
- Dúas persoas representantes do Concello de Pontearreas (a Alcaldía ou persoa en quen delegue, e unha persoa funcionaria ou técnica designada).

A Presidencia da Comisión corresponderá á Deputación Provincial de Pontevedra. A Secretaría será designada pola Deputación e actuará con voz pero sen voto.

A Comisión poderá convidar persoal técnico ou especialistas que considere oportunos, que asistirán con voz pero sen voto.

Corresponderalle á Comisión:

- realizar o seguimento da execución do convenio,
- garantir a coordinación entre as partes e facilitar a comunicación institucional,
- resolver as dúbidas interpretativas do convenio e emitir, se é o caso, informes de criterio,
- impulsar as actuacións necesarias para garantir o cumprimento dos prazos derivados do PRTR.

A Comisión reunirse por iniciativa de calquera das partes, presencialmente ou por medios electrónicos. De cada sesión levantarase acta. A Comisión de Seguimento non poderá asumir competencias decisorias nin modificar o contido do presente convenio, limitándose ás funcións de coordinación, interpretación e seguimento.



CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA. EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase por:

- cumprimento total do seu obxecto,
- expiración do prazo de vixencia establecido,
- acordo unánime das partes,
- incumprimento das obrigas asumidas por algunha das partes,
- decisión xudicial que declare a nulidade do convenio,
- calquera outra causa prevista na normativa aplicable.

En caso de incumprimento, a parte afectada requirirá á outra para que, no prazo indicado, emende a situación. Persistindo o incumprimento, o convenio poderá resolverse con efectos inmediatos.

A resolución por incumprimento poderá dar lugar á existencia de reintegro e, se é o caso, a indemnización polos prexuízos causados, de conformidade coa Lei Xeral de Subvencións.

CLÁUSULA DECIMOCUARTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase por:

- a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006;
- a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público;
- a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común;
- a lexislación básica do Estado en materia de réxime local;
- a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no que resulte aplicable;
- a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coa contratación vinculada á actuación;
- as bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra;
- e polos pactos recollidos neste convenio.

Ao tratarse dunha actuación financiada no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, será tamén de aplicación a seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021;
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro;
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro;
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro; Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro;
- e demais normativa estatal, autonómica e europea aplicable.

CLÁUSULA DECIMOQUINTA. REMISIÓN DEL CONVENIO AL TRIBUNAL DE CUENTAS

Unha vez concluído o exercicio correspondente, procederase á remisión do presente convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, do 3 de maio de 2017, en relación co previsto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste convenio non superan os 600.000,00 euros.

O presente convenio sométese tamén ao control externo do Consello de Contas de Galicia, comprometéndose ambas partes a facilitar tanta información e documentación lles sexa requirida por dito órgano e a colaborar no adecuado exercicio das súas funcións de fiscalización.

As controversias que non poidan resolverse mediante a Comisión de Seguimento someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.”



5.35980.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DE PONTEVEDRA ENMARCADAS NA DÉCIMO TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS FERROZ. (EXPTE. 2026001309)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para o financiamento das actuacións culturais e de promoción de Pontevedra enmarcadas na décimo terceira edición dos Premios Feroz.
- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, na data 16/12/2025 ambas administracións locais asinaron un protocolo de colaboración para a tramitación dun expediente de subvención directa destinada a financiar a anualidade 2026 do contrato de patrocinio asinado coa Asociación de Informadores Cinematográficos de España (AICE) pola décimo terceira edición dos Premios Feroz e na data 02/01/2026, mediante rexistro WEB2026000157, o Concello de Pontevedra remite á Deputación a documentación necesaria para a formalización do convenio. Na data 14/01/2026, mediante rexistro WEB2026002077, o Concello presenta documentación complementaria.
- O custo da actividade obxecto do convenio ascende á cantidade de CINCOCENTOS SESENTA E OITO MIL EUROS (568.000,00 €), IVE engadido e, segundo o previsto no texto do convenio, será financiado nun 52,82% pola Deputación coa cantidade de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €) con cargo ao exercicio 2026 e polo Concello de Pontevedra nun 47,18% coa cantidade de DOUSCENTOS SESENTA E OITO MIL EUROS (268.000,00 €) con cargo ao exercicio 2026.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 12/01/2026 (CSV: XSME0XZ3B5FM86GD), o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 13/01/2026 (CSV: 9M70AQZXKFZV8AE6) e o informe de Intervención de 15/01/2026 de fiscalización favorable do expediente (CSV: 8WL868JLY1E145NY), manifestando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2026/942.9420.462.14 do orzamento provincial.

- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 23/01/2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Consideracións xurídicas

Competencia:

- Artigos 25.2.l) e m) da LRBRL e 80.2.n) da LALGA, que atribúen aos concellos o exercicio de competencias en materia de actividades, instalacións e promoción cultural así como de ocupación do lecer e o turismo.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial vixente, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que, a través dos convenios de cooperación, as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia para resolver

Correspóndelle á Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de execución do orzamento provincial.



CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra e a súa veciñanza, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento das actuacións culturais e de promoción de Pontevedra enmarcadas na décimo terceira edición dos Premios Feroz.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica da actuación e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DE PONTEVEDRA ENMARCADAS NA DÉCIMO TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS FEROS”.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para o financiamento das actuacións culturais e de promoción de Pontevedra enmarcadas na décimo terceira edición dos premios Feroz*”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DE PONTEVEDRA ENMARCADAS NA DÉCIMO TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS FEROS

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).



Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPONEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a tales efectos, a Deputación e o concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á execución de actuacións de interese xeral que fomenten a cultura, promovan o turismo e promocionen a nivel nacional e internacional a imaxe de Pontevedra e da súa comarca.

III. Que con esta finalidade ambas administracións locais asinaron o 16 de decembro de 2025 un protocolo de colaboración para a tramitación dun expediente de subvención directa destinada a financiar a anualidade de 2026 do contrato de patrocinio dos Premios Feroz, asinado entre o Concello e a Asociación de Informadores Cinematográficos de España (AICE) o 31.10.2024 para a organización en Pontevedra da décimo terceira edición deste prestixioso galardón, que terá lugar neste exercicio.

Os Feroz son os premios que, de xeito anual, entrega a AICE para recoñecer as mellores producións audiovisuais españolas de cada ano. Creados no ano 2013 pola dita Asociación, o seu obxectivo é o de destacar a excelencia na produción cinematográfica e televisiva en España. Desde o seu inicio, estes premios foron acadando un notable prestixio e repercusión, converténdose nunha das citas máis importantes do cine e da televisión en España, convocando a unha numerosa audiencia nacional e internacional así como ás máis destacadas personalidades do sector audiovisual do noso país.

A gala dos Premios Feroz mostrou un crecemento constante en termos de cobertura mediática e audiencia, acadando unha notable importancia na industria do entretemento.



Para a edición do ano 2026 en Pontevedra, o evento non só destacará o talento do audiovisual español, senón que tamén proporcionará unha plataforma para a promoción da cultura e a economía local, xa que se agarda que máis de mil persoas do sector asistan á gala de entrega dos premios no Pazo de Congresos de Pontevedra.

Ademais, a cidade non só acollerá a cerimonia de premiación, senón tamén unha serie de actividades paralelas como obradoiros, coloquios e proxeccións, consolidando a Pontevedra como o centro neurálxico do audiovisual galego.

A organización e a cobertura mediática dos Premios Feroz, que abarca prensa, radio, televisión e internet, garanten unha visibilidade excepcional para Pontevedra e a súa comarca, posicionándoa como o epicentro cultural e económico durante o evento.

Xa que logo, a celebración da gala dos Premios Feroz en Pontevedra non só aumentará a notoriedade da cidade e a súa oferta cultural, senón que tamén xerará un impacto económico significativo na súa contorna, de xeito destacado nas Rías Baixas, a través do turismo, o consumo local, a revitalización do comercio, a ocupación hostaleira e a promoción da produción audiovisual, contribuíndo ao dinamismo da economía da comarca e fortalecendo o tecido cultural e social de toda a provincia de Pontevedra, polo que a súa relevancia transcende á propia cidade de Pontevedra.

IV. Que o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en sentido semellante o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neses artigos, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de actividades, instalacións e promoción cultural así como de ocupación do lecer e o turismo.

V. Que o artigo 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o artigo 109.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establecen como unha competencia propia da provincia a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, prevendo o artigo 114 da Lei de Administración Local de Galicia que a dita asistencia económico-financeira prestada polas Deputacións Provinciais poderá ser prestada mediante a concesión de subvencións a fondo perdido.

VI. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2026, recolle unha aplicación orzamentaria para convenios co Concello de Pontevedra.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, tendo en conta tamén o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, cando estipulan que os convenios son o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das corporacións locais.

VIII. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións públicas. Neste senso, á vista do artigo 22.2 desta norma, acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello nesta actuación de interese xeral.

IX. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra acordan aprobar este convenio para o financiamento das actuacións culturais e de promoción da cidade enmarcadas na décimo terceira edición dos Premios Feroz, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo as actuacións culturais e de promoción da cidade enmarcadas na décimo terceira edición dos Premios Feroz, que se desenvolverán na cidade de Pontevedra en xaneiro de 2026.

De acordo con isto, o convenio regula as condicións da subvención que se lle outorga ao Concello de Pontevedra para o financiamento parcial do gasto correspondente á anualidade de 2026 do contrato asinado entre o Concello de Pontevedra e a Asociación de Informadores Cinematográficos de España o 31.10.2024 para o patrocinio da cidade durante a décimo segunda e a décimo terceira edición dos premios Feroz.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

A actividade obxecto deste convenio ascende á cantidade total de CINCOCENTOS SESENTA E OITO MIL EUROS (568.000,00 €), IVE engadido, que se corresponde co gasto total pola anualidade de 2026 prevista do contrato de patrocinio asinado coa AICE pola décimo terceira edición dos Premios Feroz, que será financiado pola Deputación de Pontevedra coa cantidade de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000,00 €) con cargo ao exercicio 2026 e contra a aplicación 2026/942.9420.462.14, e polo Concello de Pontevedra coa cantidade de DOUSCENTOS SESENTA E OITO MIL EUROS (268.000,00 €) con cargo ao exercicio 2026.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:



	2026
Deputación de Pontevedra 52,82%	300.000,00 €
Concello de Pontevedra 47,18%	268.000,00 €
Total Actividade	568.000,00 €

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no gasto ocasionado pola realización da actividade, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o gasto da actividade realizada teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade das actuacións, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do gasto.

TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1. O desenvolvemento da actividade á que se refire o presente convenio, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante a vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.
2. A memoria da actividade presentada polo Concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación deste convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.
3. A Deputación poderá inspeccionar a actuación obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.
4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación da execución da actuación por parte da Deputación de Pontevedra.



CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que puidesen ser precisas para o desenvolvemento da actuación.
- Asumir individualmente a obriga da realización das actuacións previstas no convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Xustificar ante a Deputación o cumprimento da finalidade, da consecución dos obxectivos, da aplicación dos fondos e das demais obrigas previstas no convenio, mediante a rendición da conta xustificativa da subvención nos termos da cláusula sexta.
- Comunicar á Deputación, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a realización de todos os actos públicos que se realicen no marco do convenio, nomeadamente o da gala de entrega dos premios, co obxecto de que asista a Presidencia da Deputación e/ou os/as representantes desa Corporación que se consideren pertinentes.
- Garantir a máxima dignidade institucional para a Presidencia da Deputación na cea ou acto oficial vinculado á gala de entrega dos premios, atendendo ás normas de protocolo establecidas pola súa organización.
- Dar a adecuada publicidade ao convenio conforme a cláusula oitava, de tal xeito que quede constancia que a actividade obxecto deste se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Pontevedra comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no seu artigo 11.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.



QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización da actividade para a que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Copia do contrato de patrocinio publicitario financiado pola Deputación.
- Factura rexistrada no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da factura correspondente.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao financiamento pola Deputación das actividades asociadas á edición de 2026 dos Premios Feroz.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar a entidade beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para seren beneficiaria da subvención regulada no convenio.



– Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio, ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. En todo caso, o prazo máximo para presentar a conta xustificativa da subvención será o 30 de xuño de 2026.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA. PUBLICIDADE

O Concello de Pontevedra deberá de dar a adecuada publicidade do financiamento da actuación subvencionada pola Deputación de Pontevedra. A tal fin, nos materiais gráficos, programas, soportes promocionais e actos públicos que realice o Concello de Pontevedra co gallo das actividades enmarcadas na décimo terceira edición dos premios Feroz incluírase a imaxe institucional da Deputación Provincial de Pontevedra, sempre respectando os termos do contrato de patrocinio subscrito polo Concello coa AICE e na medida en que a difusión do financiamento provincial resulte compatible co dito contrato.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir a visibilidade da colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra nas actividades enmarcadas na edición de 2026 dos Premios Feroz, así como na gala de premiación, na que se deberán de garantir a presenza da identidade institucional da Deputación en condicións axeitadas e que non colisionen coas prestacións comprendidas no contrato de patrocinio obxecto do convenio.

O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello deberá:

- Difundir o financiamento da Deputación de Pontevedra a través da páxina web municipal e, na medida do posible, nas redes sociais institucionais, incluíndo a referencia á colaboración da Deputación.
- Facer constar nas accións de comunicación ou publicidade das actividades enmarcadas na décimo terceira edición dos Premios Feroz que sexan realizadas desde o Concello (carteis, folletos, programas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio da Deputación. Isto farase



mediante a inclusión da imaxe corporativa actualizada nun lugar visible, e na medida en que a difusión do financiamento provincial resulte compatible co dito contrato.

- As notas de prensa que se fagan desde o Concello deberán indicar o financiamento da Deputación dos gastos subvencionados.
- Comunicarlle á Deputación, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a realización de todos os actos públicos que se realicen no marco do convenio, nomeadamente o da gala de entrega dos premios, co obxecto de que asista a Presidencia da Deputación e/ou os/as representantes desa Corporación que se consideren pertinentes.
- Garantir a máxima dignidade e visibilidade institucional para a Presidencia da Deputación na cea ou acto oficial vinculado á gala de entrega dos premios, atendendo ás normas de protocolo establecidas pola súa organización.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro da subvención concedida ao abeiro deste convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.



As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actividades que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio, proporlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

A vixencia do convenio estenderase ata o 30 de xuño de 2026.

O gasto obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de marzo de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de xuño de 2026.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou o realice máis aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.



DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; pola Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro



O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do mesmo polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- Facultar ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

6.35981.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "REFORMA E ADECUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, CADRO XERAL DE BAIXA TENSIÓN E GRUPO ELECTRÓXENO NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE". (EXPTE. 2025062350)

Resultando.- Que a subministración eléctrica do Centro Príncipe Felipe, realízase en alta tensión dende dous centros de transformación propios, situados nunha das edificacións destinadas a instalacións nas proximidades do edificio que alberga o CEE e Agarimo, dende o cal e mediante o cadro de baixa tensión do recinto se distribúen as alimentación eléctricas cara os diferentes edificios.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial do 02.04.2024 adxudicouse a Instec Vigo, S.L., o contrato de servizos para a realización dunha auditoría da instalación eléctrica xeral do CPF. O 10.06.2024 achégase Informe de medicións eléctricas de consumo, megado de liñas e proposta de reforma e adecuación de centros de transformación, CGBT e subministro de socorro en CPF, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio García Álvarez, no que se recollen unha serie de defectos graves que determinan a necesidade de renovar as instalación de alta tensión do CPF.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio García Álvarez adscrito á empresa Instec Vigo, S.L., o proxecto técnico para a execución da obra “Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe” cun orzamento base de licitación de 467.782,24 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: UFC48SNXFZX1P816.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado de Príncipe Felipe, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electróxico na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000010824 por importe de 467.782,24 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/232.2312.632.03.2025 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 05/12/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe” redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio García Álvarez adscrito á empresa Instec Vigo, S.L., cun orzamento base de licitación de 467.782,24 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: UFC48SNXFXZ1P816.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: Y6MLW0NIU1HQ80W, informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable...*”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: C0M6TJFL83L72481, informe de fiscalización do expediente, que contén o seguinte: “...1.-*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, a pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio. 2.- Ao tratarse de gasto financiado con cargos a créditos incorporados de exercicios anteriores, o rexistro contable das operacións realízase previa comprobación do rexistro contable da incorporación do remanente correspondente, sen consideración do procedemento de incorporación que corresponde ser tramitado e fiscalizado con anterioridade ao seu rexistro contable. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións postas de manifesto, infórmase favorablemente o expediente...*”.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe*” cun orzamento base de licitación de 467.782,24 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	386.596,89 €
IVE (21%).....	81.185,35 €
Importe Total.....	467.782,24 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 5TU1H5M8ZZVBKZ4U, e de prescricións técnicas con código (CSV) UFC48SNXFXZ1P816, que rexeirán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 467.782,24 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/232.2312.632.03.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 26 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



7.35982.- APROBACIÓN DO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA A “SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ”. (EXPTE. 2025077104)

A Deputación de Pontevedra, no exercicio da súa competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, impulsa o sector agrícola e gandeiro a través da Finca Mouriscadé, situada no concello de Lalín. Este centro desenvolve un programa de mellora xenética baseado na transferencia embrionaria, empregando animais de alta cualificación xenética co obxectivo de mellorar as explotacións gandeiras da provincia. Así mesmo, facilita a colaboración con entidades públicas e privadas e a realización de estudos experimentais.

O citado programa ten como finalidade incrementar a eficiencia das explotacións gandeiras e contribuír á fixación de poboación no medio rural, contando cunha ampla traxectoria na promoción da cooperación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector. Para a súa correcta implementación resulta imprescindible dispoñer de gando bovino, sendo a súa alimentación o principal custo asociado ao funcionamento do programa. As materias primas necesarias para a alimentación dos animais proceden, en parte, da colleita de forraxes das parcelas da propia finca; non obstante, esta produción resulta insuficiente, polo que é necesario recorrer á adquisición directa de produtos alimenticios.

Visto que con data 27 de novembro de 2025, o Deputado Delegado da Finca Mouriscadé dita providencia de inicio do expediente para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé,, co fin de dar cobertura ás necesidades descritas.

Resultando que, con data 17 de decembro de 2025, o xefe do servizo de Contratación emitiu o proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións e, en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II. Consta no expediente memoria definitiva con CSV: OF6EC3EV2KVXRMAQ.

Resultando que a Secretaría Xeral emitiu informe favorable con data 29 de decembro de 2025.

Resultando que a Intervención informou favorablemente o expediente con data 13 de xaneiro de 2026.

Considerando que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que a celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Considerando que o artigo 223 da citada lei dispón que os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.



Considerando que os artigos 224 e 226 da Lei de Contratos do Sector Público, determinan que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.

Considerando que tendo en conta que se estima que o valor conxunto dos contratos específicos a celebrar superará os 100.000 euros, establécese como o órgano de contratación que aprobe esta institución a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade, mediante sistema dinámico de adquisición.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación CSV: MQE1AP90QPPWX4SO.
- 3.- Iniciar a Fase I do SDA de selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas o sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- 4.- Delegar na mesa de contratación a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.
- 5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.

8.35983.- RECTIFICACIÓN DOS PREGOS ADMINISTRATIVO E TÉCNICO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “RENOVACIÓN PARCIAL DO SISTEMA DE AIRE ACONDICIONADO DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS PRINCIPAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (EXPTE. 2025070768)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2025, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación publicouse con data 8/01/2026 no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público), xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas reguladores da contratación.



Resultando que en data 15/01/2026 a xefa do servizo de Novas tecnoloxías emite un informe co CSV: BHQUHNG249YSYPX2 onde se recollen uns erros detectados no prego técnico e administrativo e que é necesario rectificar.

Na páxina 11 do PPT onde di: “Se achega ao seguinte prego o ficheiro Anexo01.pdf cun plano no que se localizan os equipos interiores e exteriores identificados como AA 5/C5 e AA 6/C6”, debería dicir: “Se achega ao seguinte prego o ficheiro Anexo01.pdf cun plano no que se localizan os equipos interiores e exteriores identificados como AA2/C1 e AA3/C5”.

E na páxina 17 do citado prego, en relación ao Requisito 11 Comunicación: Onde di: Requisito 11, Comunicación “Tarxeta de comunicación” HTTP, HTTPS, SNMP, Modbus RTU ou TCP/IP”, debería dicir: “Requisito 11, Comunicación “Tarxeta de comunicacións compatible con distintos protocolos: HTTP, HTTPS, SNMP, Modbus RTU ou TCP/IP. En concreto, a solución ofertada deberá ser plenamente compatible coa ferramenta de monitorización actual da Deputación de Pontevedra (Checkmk) integrada mediante SNMP”.

Asimesmo no prego administrativo, concretamente na cláusula 3.1 Orzamento base de licitación, no desglose de custos directos, detéctase un erro na descripción das unidades a subministrar establecendo 4 cando en realidade son 2.

Tendo en conta que o artigo 122 LCSP establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e só poderán ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción de actuación.

Tendo en conta o artigo 109.2, da Lei 39/2015, 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, no que establece que “As administracións públicas poderán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritmético existente nos seus actos”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1- Aprobar o prego administrativo co CSV:RMTJBZVNACL0UNV1, que rectifica a cláusula 3.1 relativa o desglose de custos directos en dúas (2) unidades interiores e dúas (2) unidades exteriores, permanecendo o resto do desglose de prezos invariable; (substituíndo o anterior prego, co CSV:V6IQQFKUDS4FU334).



- 2- Aprobar o prego técnico co CSV:88UO5HZ3Z0XNJ68D, que rectifica a cláusula 7 na parte relativa ao ficheiro que se achega o prego técnico, Anexo01.pdf cun plano no que se localizan os equipos interiores e exteriores identificados como AA2/C1 e AA3/C5, e o requisito 11 da páxina 17, Comunicación “Tarxeta de comunicacións compatible con distintos protocolos: HTTP, HTTPS, SNMP, Modbus RTU ou TCP/IP. En concreto, a solución ofertada deberá ser plenamente compatible coa ferramenta de monitorización actual da Deputación de Pontevedra (Checkmk) integrada mediante SNMP” (substituíndo o anterior prego co CSV: T8RYVI7C4DUJ2HP6).
- 3- Reiniciar prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación rectificado do contrato no perfil do contratante.

No caso de que algunha empresa interesada houbera presentado oferta durante o prazo anterior, deberá volver a presentala neste novo prazo, conforme aos pregos rectificadas neste acordo.

9.35984.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS JOAQUÍN LORIGA DE PRADO CONTRA O ACORDO DENEGANDO UNHA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (EXPTE. 2025014405)

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024 (modificadas por Acordo 14.35372), co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025, adoptou o acordo número 5.35766 de concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, concedéndose as subvencións a todas as entidades que cumpren os requisitos, e declarándose expresamente as solicitudes excluídas e a súa motivación.

Terceiro.- En dito acordo, determínase que a solicitude correspondente á Asociación de veciños Joaquín Loriga de Prado (CIF G70983325), con número de expediente 2025014405, declárase expresamente excluída polo motivo “a actuación obxecto da subvención non se considera subvencionable ao non tratarse dunha obra de mellora no local social ou outra infraestrutura onde a asociación desenvolva a súa actividade. Trátase dun ben a disposición de toda a veciñanza sen necesidade dunha cesión de uso”.

Na data 21/11/2025 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo, constando á súa aceptación pola entidade o día 24/11/2025 (CSV: DEHU-67a6-ecda-b8eb-6d0e-cab1-876d-0ef1-df8f).



Cuarto.- En data 12/12/2025, mediante escrito presentado no ORAL (núm. rexistro REX_ORAL2025037450) a Asociación de veciños Joaquín Loriga de Prado interpón un recurso de reposición contra o citado acordo ao non estar conforme coa súa exclusión en base aos seguintes motivos que se transcriben de xeito extractado (documento con CSV: LDFJ5Z0N0GRSF07L):

- *“A solicitude presentada axústase totalmente ó contido das bases reguladoras da subvención, sin que se esté a pedir nada que vaia en contra do exposto en ditas bases”.*

O petionario solicita que se revise o acordo impugnado no sentido de estimar a solicitude presentada e, por tanto, que se lle conceda a subvención correspondente.

Quinto.- En consecuencia, sométese a estudo o expediente, examinándose ás alegacións efectuadas, e procédese á emisión deste informe para a resolución do recurso de reposición interposto.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que “o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non fóra expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que poñe fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 24/11/2025 e o recurso se presentou en data 12/12/2025.

SEGUNDO.- O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

A Asociación de veciños Joaquín Loriga de Prado invoca a vulneración da Base Primeira do Programa de acción comunitaria para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025), no relativo ao obxecto e finalidades, polo que de acordo cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase que este motivo é subsumible dentro do concepto de infracción do procedemento sinalado como un suposto de posible anulabilidade recollido no artigo 48.1 da LPACAP, resultando pertinente admitir a trámite o recurso interposto, sen prexuízo da súa consideración e estudo segundo o disposto nos apartados seguintes.

TERCEIRO.- A Base Primeira, apartado 1.3, do Programa de acción comunitaria para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025) sinala que:

“Serán subvencionables os gastos derivados de investimentos e equipamentos, todos eles orientados ao cumprimento dos fins das entidades solicitantes e ó seu funcionamento ordinario [...]”



Enténdese que a actuación solicitada non sería susceptible de ser financiada, dado que non se corresponde coa mellora de locais sociais ou outras infraestruturas nas que a entidade veciñal desenvolva as súas actividades habituais. Trátase dun parque público municipal que xa estaba á disposición da veciñanza, así como de calquera persoa que quixer acceder a el, sen necesidade dunha cesión formal por parte do concello.

Segundo a normativa vixente para a concesión de axudas ao abeiro do plan provincia comunitaria, estas subvencións teñen como obxectivo a mellora de espazos e instalacións directamente vinculados á actividade das entidades veciñais ou sociais. De acordo con isto, as axudas deben destinarse a locais ou espazos nos que a entidade solicitante desenvolva actividades de interese público ou social para a comunidade.

Neste caso, o parque público municipal xa cumpre a súa función de servizo á comunidade, sendo un espazo de uso libre e aberto á cidadanía sen a necesidade de intermediarios ou cesións por parte do concello. Dado que o parque non está vinculado a ningunha entidade veciñal que xestione ou faga uso exclusivo del para actividades específicas, non se considera que a súa mellora se atope no marco de actuacións susceptibles de ser financiadas a través destas axudas.

Ao tratarse dun espazo público de titularidade municipal e de libre acceso, a súa mellora non responde ao criterio establecido para as subvencións, que require que a intervención vaia dirixida a infraestruturas vinculadas á xestión e desenvolvemento de actividades por parte dunha entidade comunitaria. Isto significa que a actuación proposta non se enmarca dentro das actuacións subvencionables ao non existir unha entidade veciñal que asuma a responsabilidade de xestionar ou desenvolver actividades no parque.

Por tanto, de acordo coa base primeira, non se dá cumprimento ao referido na citada base, onde se expón que só serán subvencionables os gastos derivados de investimentos e equipamentos, todos eles orientados ao cumprimento dos fins das entidades solicitantes e ó seu funcionamento ordinario.

En consecuencia, a exclusión estimase que é adecuada.

CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver o recurso presentado é a Xunta de Goberno da Deputación, o mesmo órgano que ditou o acordo impugnado.

QUINTO.- De acordo co artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes. Non obstante, de conformidade cos artigos 24 e 25 da LPACAP, o sentido do silencio será desestimatorio, sen prexuízo da obrigación legal de resolver.

CONCLUSIÓN

Á vista dos antecedentes e dos razoamentos xurídicos expostos infórmase en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición interposto.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación

Marcos Areán González”.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación do día 17/12/2025, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 13/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimar o recurso de reposición interposto en data 12/12/2025 (núm. rexistro REX_ORAL2025037450) pola *Asociación de veciños Joaquín Loriga de Prado* (CIF G70983325).
2. Darlle traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.35985.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN RECREATIVO CULTURAL REPICHOCA, DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PUBLICACIÓN "FEITO A MAN. UNHA VIAXE POLOS OFICIOS TRADICIONAIS DE GALICIA", APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/07/2025. (EXPTE. 2025018823)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025, aprobou as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025 (acordo núm. 4.34595), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 18 de febreiro de 2025 (BOPPO núm. 33).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 24 de xullo de 2025 (acordo núm. 3.35472), acordou concederlle á Asociación Recreativa Cultural Repichoca (CIF: G36525673) unha achega de 3.500,00 euros para a publicación "Feito a man. Unha viaxe polos oficios tradicionais de Galicia", con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00.2025 do vixente Orzamento provincial.

Con data 29 de decembro de 2025, número de rexistro WEB2025087456, a Asociación Recreativa Cultural Repichoca presenta renuncia á subvención concedida no seu día por problemas na fase de impresión e non poder cumprir cos prazos de xustificación previstos na convocatoria.

Con data 29 de decembro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 15 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 14^a da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará



concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a *Asociación Recreativa Cultural Repichoca* presenta, o 29 de decembro de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención para a realización da publicación "Feito a man. Unha viaxe polos oficios tradicionais de Galicia", ao abeiro das subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 29 de decembro de 2025 (CSV:0OSFLIUJ80Y1DG4L), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 15 de xaneiro de 2026 (CSV:1JLB25UBQGJWC9KE), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da a *Asociación Recreativa Cultural Repichoca* á subvención concedida para a realización da publicación "Feito a man. Unha viaxe polos oficios tradicionais de Galicia", ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á Asociación Recreativa Cultural Repichoca, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



11.35986.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026. (EXPTE. 2026001535)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

Segundo.- En data 13/01/2026 a Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación da convocatoria das segundas axudas para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2026.

Terceiro.- En data 13/01/2026 o servizo de Deportes emite a memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 20/01/2026 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente da “convocatoria das bases de axudas para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2026”.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Dende o punto de vista competencial, de acordo co establecido na Lei 3/2021, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen a competencia de fomentar, promover e difundir o deporte nos seus territorios. Ademais, a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, reconece o deporte e a actividade física como prácticas esenciais para toda a cidadanía, destacando o papel crave das entidades locais na súa promoción.



O artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura, da educación e do deporte.

Terceiro.- A norma reguladora establece o procedemento para a concesión do paquete de axudas para a adquisición de bens que lles serán entregados ás persoas participantes en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2026, ou ben financiar servizos necesarios para a organizar e desenvolver estes campionatos ou eventos deportivos.

Os campionatos e eventos deportivos serven como vehículo para promocionar o deporte e a imaxe da provincia de Pontevedra, contribuíndo a elevar o nivel competitivo das entidades deportivas e deportistas, e servindo en moitos casos de impulso aos deportistas de base e practicantes do deporte en xeral. Así mesmo, o desenvolvemento destes eventos constitúe un notable recurso económico para a localidade na que se desenvolven pois a presenza de deportistas, árbitros, adestradores e acompañantes xera un importante retorno económico para a zona.

É por iso que a Deputación de Pontevedra veu apoiando á organización de eventos deportivos mediante a entrega de bens e servizos, pero sen contar unha regulación propia.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra con estas bases actualiza o procedemento de vixente ata o de agora co obxectivo de optimizar o apoio á organización de campionatos e eventos deportivos na provincia de Pontevedra seguindo criterios públicos e obxectivos, favorecendo a transparencia na xestión deste tipo de axudas en función do interese social e deportivo das actividades.

Estas axudas estarán dirixidas a financiar a compra de bens entregados aos participantes (como material deportivo, trofeos, medallas, entre outros) e os servizos necesarios para a correcta organización e desenvolvemento dos eventos. Con iso, búscase garantir unha adecuada infraestrutura e recursos para os organizadores, que poderán levar a cabo eventos deportivos de calidade que favorezan a mellora da calidade de vida, a creación de emprego e o crecemento sostible do territorio.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.



De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrência competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Legislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de douscentos vinte mil (220.000,00 €) euros.

Poderán concederse axudas ata esgotar totalmente a dotación prevista nesta convocatoria. De esgotarse o crédito orzamentario, declararase terminado o prazo de vixencia da convocatoria mediante un anuncio do órgano competente para aprobar a convocatoria, o cal será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Sede electrónica da Deputación, coa consecuente inadmisión das solicitudes posteriormente presentadas.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria da bases de axudas para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2026 nos seguintes termos:

“CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026

Os campionatos e eventos deportivos son un vehículo fundamental para promover o deporte e a imaxe da provincia de Pontevedra, contribuír a elevar o nivel competitivo das entidades deportivas e das e dos deportistas, e servir, en moitos casos, de impulso para deportistas de base e practicantes de deporte en xeral. Así mesmo, estes eventos constitúen un recurso económico relevante para a localidade na que se desenvolven, xa que a presenza de deportistas, árbitros, adestradoras, adestradores e acompañantes xera un importante retorno económico para a zona.



Por iso, a Deputación de Pontevedra apoia a organización de eventos deportivos mediante a entrega de bens e servizos durante o ano 2026. Así, a institución provincial, a través destas bases, actualiza o procedemento vixente co obxectivo de optimizar o apoio á organización de campionatos e eventos deportivos na provincia de Pontevedra, seguindo criterios públicos e obxectivos e favorecendo a transparencia na xestión deste tipo de axudas en función do interese social e deportivo das actividades.

Estas axudas estarán dirixidas a financiar a compra de bens que se lles entregarán ás persoas participantes (material deportivo, trofeos ou medallas, entre outros) e os servizos necesarios para a correcta organización e desenvolvemento dos eventos. Con iso búscase garantir unha adecuada infraestrutura e recursos para as e os organizadores, que poderán levar a cabo eventos deportivos que favorezan a mellora da calidade de vida, a creación de emprego e o crecemento sostible do territorio.

Desde o punto de vista competencial, de acordo co establecido na Lei 3/2021, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen a competencia de fomentar e difundir o deporte nos seus territorios. Ademais, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, reconécense o deporte e a actividade física como prácticas esenciais para toda a cidadanía, e destácase o papel clave das entidades locais na súa promoción.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra pon en marcha esta convocatoria para apoiar a organización de campionatos e eventos deportivos na nosa provincia durante o ano 2026, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, baixo os termos e condicións que se detallan nas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases establecer o procedemento e aprobar a convocatoria de 2026 para a concesión de axudas para financiar a compra de bens que se lles entregarán ás persoas participantes en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra ou ben financiar os servizos necesarios para organizar e desenvolver estes campionatos ou eventos deportivos.

Segunda. Finalidade

A finalidade destas axudas, que se tramitarán polo procedemento de concesión directa e mediante convocatoria aberta de carácter anual, é continuar promovendo a práctica deportiva na provincia de Pontevedra mediante o estímulo que supón para as e os deportistas participar en eventos deportivos, así como favorecer o progresivo aumento en número e calidade destes, como canal para cumprir as competencias que, en materia de promoción deportiva, ten o organismo provincial.



Terceira. Financiamento

Poderán concederse axudas ata esgotar a dotación prevista en cada convocatoria e exercicio económico ou a que, no seu caso, fose ampliada.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026, por un importe total de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €).

Esta cantidade poderase incrementar ata un máximo de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €), con base nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O importe desta ampliación dependerá dunha xeración, aumento ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo de aprobarse a modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión nos mesmos medios que a convocatoria, e nela indicaranse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

De levarse a cabo a ampliación do importe das axudas, esta rexerese polas presentes bases, sen ter que elaborar unhas novas nin proceder á súa aprobación, para o que abondará coa publicación dun anuncio para presentar solicitudes no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). A concesión de subvencións con esta ampliación dálle continuidade á primeira convocatoria para poder así atender tanto as solicitudes que quedasen pendentes de resolver coma as novas que se presenten. Con elas preténdese estimular a participación das e dos deportistas en eventos deportivos e favorecer, ao mesmo tempo, o incremento progresivo do número e da calidade destes eventos, en cumprimento das competencias en materia de promoción deportiva atribuídas ao organismo provincial.

Se se esgotase o crédito orzamentario, declararase terminado o prazo de vixencia da convocatoria mediante un anuncio do órgano competente, o que será obxecto de publicación no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación, coa consecuente inadmisión das solicitudes que se presenten posteriormente.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Terán a consideración de beneficiarias das subvencións as entidades sen ánimo de lucro que organicen campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra durante o ano 2026, sempre que a actividade se axuste ao obxecto da subvención e se cumpran os requisitos previstos nestas bases.

Non poderán obter a condición de beneficiarios destas axudas:

- Os concellos e os seus organismos dependentes e demais organismos públicos.
- As persoas físicas.
- As entidades con ánimo de lucro.
- As agrupacións sen personalidade xurídica.
- As persoas ou entidades que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases.
- As persoas ou entidades nas que non concorran as condicións establecidas na normativa estatal e autonómica sobre subvencións.



As entidades solicitantes deberán declarar, xunto coa solicitude, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, non poderán acceder a estas subvencións as entidades que teñan pendente de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

Quinta. Campionatos ou eventos deportivos subvencionables

Serán subvencionables os campionatos ou eventos deportivos desenvolvidos dentro do ámbito territorial da provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Sexta. Tipos de axudas e importe

Establécense dúas liñas de financiamento:

- *Unha destinada á adquisición de bens para entregárllelos ás persoas participantes no campionato ou evento deportivo.*
- *Outra destinada á contratación de servizos necesarios para organizar ou desenvolver o campionato ou evento deportivo.*

As entidades interesadas só poderán solicitar financiamento para unha única liña por cada solicitude. Así mesmo, dentro da liña elixida, só poderán solicitar axuda para unha única tipoloxía de gasto. En consecuencia, non se admitirán solicitudes que inclúan máis dunha tipoloxía de gasto dentro da mesma liña nin que impliquen varias ou varios provedores.

No caso de adquisición de bens, estes deberán incorporar o logotipo da Deputación de Pontevedra de forma visible. Para a contratación de servizos, deberá acreditarse a difusión publicitaria da colaboración mediante calquera medio válido, coma publicacións en redes sociais ou colocación de pancartas ou outros soportes de visibilidade.

O importe máximo das axudas por cada solicitude será de mil euros (1.000,00 €).

Sétima. Gastos subvencionables e non subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles realizados polas entidades beneficiarias que, de maneira indubidable, respondan á natureza do proxecto subvencionado e estean directamente relacionados coa realización do evento deportivo.

Serán elixibles como subvencionables as seguintes tipoloxías de gastos:

❖ Bens subvencionables (entregados ás e aos participantes):

- *Medallas e trofeos en recoñecemento á participación e aos logros deportivos.*
- *Equipamento deportivo básico, coma camisetas conmemorativas.*
- *Material promocional relacionado co evento, coma mochilas, bidóns, gorras ou pulseiras.*
- *Outros bens de características similares.*

❖ Servizos subvencionables (de apoio á organización):

- *Asistencia sanitaria: servizos médicos e de ambulancia.*
- *Seguridade: vixilancia e control de accesos.*
- *Montaxe e desmontaxe de infraestruturas: toldos, valos ou sinalización.*
- *Cronometraxe e arbitraje: contratación de árbitras e árbitros e sistemas de medición de tempos.*



- *Servizos de difusión e comunicación vinculados ao evento, tales coma a retransmisión en directo ou a elaboración de vídeos promocionais; nestes últimos, deberá figurar o logotipo da Deputación de Pontevedra de maneira visible.*
- *Outros servizos de natureza análoga.*

Non se considerarán gastos subvencionables:

- *Os bens nos que o importe unitario supere os cincocentos euros (500,00 €), IVE excluído, por considerárense inventariables.*
- *Os bens inventariables.*
- *Os gastos destinados a alimentos, comidas, servizos de catering, avituallamento ou conceptos similares.*
- *Gastos en actividades de carácter lúdico ou non directamente relacionados coa realización do evento.*
- *Gastos de viaxe e hospedaxe.*
- *Gastos relacionados con publicidade que non se refiran directamente ao evento.*

Outros requisitos e restricións:

- *En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.*
- *Non se considerarán gastos subvencionables aqueles que, ao superar os cen euros (100,00 €), non se paguen por medio dunha entidade financeira.*
- *Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non contén con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionables os gastos que non se paguen por medio dunha entidade financeira, calquera que sexa o importe.*

Oitava. Lugar de presentación de solicitudes

As entidades interesadas deberán presentar unha solicitude por cada evento deportivo susceptible de obter axuda.

As entidades só poderán presentar un máximo de dúas solicitudes ao longo do ano, que deberán corresponder a campionatos ou eventos deportivos diferentes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e rematará o 30 de novembro de 2026.

Décima. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade.*



Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décimo primeira. Documentación

As entidades solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Factura dos bens ou do servizo, no caso de que a actividade subvencionada xa se realizase, ou orzamento estimativo se esta aínda non se desenvolveu.*
- *Anexo I. Memoria descritiva do evento ou da actividade deportiva na que se utilizarán os bens ou os servizos que se van subvencionar.*

A solicitude presentase no modelo normalizado anexo a estas bases, na que se incluírá a declaración responsable doutras axudas ou ingresos solicitados ou concedidos para o mesmo gasto, ou, no seu caso, da non percepción destes.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente en <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se archivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo cuarta. Procedemento de concesión

O procedemento para outorgar as axudas será o de concesión directa, mediante convocatoria aberta e de carácter anual, en virtude do cal as subvencións poderán concederse conforme as persoas ou entidades interesadas as vaian solicitando, na contía individualizada que resulte de aplicar os requisitos e criterios establecidos nestas bases.

De acordo co establecido, atenderanse en primeiro lugar as solicitudes presentadas na primeira convocatoria que quedasen pendentes de resolución, sempre que sigan cumprindo as condicións e os requisitos esixidos. Unha vez atendidas estas, as subvencións poderán concedérselles ás novas solicitudes que se presenten a partir da publicación desta segunda convocatoria ata esgotar o crédito dispoñible.

As axudas resolveranse de maneira individualizada a medida que se verifique o cumprimento das condicións e dos requisitos establecidos, dado o carácter non competitivo do procedemento e o importe limitado das subvencións.

Décimo quinta. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención, patrocinio ou programa para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.



Décimo sexta. Instrución do procedemento e resolución

O centro xestor encargado da ordenación e da instrución do procedemento de concesión será o Servizo de Deportes, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formular a proposta de resolución.

O órgano instrutor, á vista do expediente, formulará a proposta de resolución debidamente motivada para a súa aprobación, na que se identificarán a entidade deportiva para a que se propón a subvención, a súa contía, o evento deportivo, a tipoloxía de gasto (ben ou servizo) e as circunstancias en virtude das cales se propón a axuda.

A concesión individualizada das subvencións en cada un dos procedementos corresponderalle á deputada delegada de Deportes, logo da resolución presidencial de delegación de competencias nesta materia (base 16.1.c) de execución do Orzamento.

O prazo para resolver e notificarlle á entidade interesada a resolución do procedemento será de tres (3) meses, contados a partir da data de presentación da solicitude. Esta será notificada de conformidade co previsto no artigo 40 da LPACAP.

A resolución de concesión será motivada e incluírá a identificación da entidade deportiva beneficiaria (con mención expresa ao evento deportivo para o cal se lle concede a axuda), a contía desta e as obrigas que lle corresponden á entidade beneficiaria; entre elas, a de cumprir as mencións de publicidade e identidade.

Décimo sétima. Procedemento de xustificación e pago

Para o pago da subvención, as entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lles concedese.

O prazo para presentar as xustificacións rematará o 31 de xaneiro de 2027.

As entidades beneficiarias deberán achegar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos. Para iso, presentarán a seguinte documentación a través da Sede electrónica:

- *Modelo normalizado de achega de documentación xustificativa.*
- *Factura con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe dos bens ou servizos da concesión.*
- *Xustificante do pagamento.*
- *Documento no que se acrediten a publicidade e a difusión da subvención. No caso dos bens, deberá incluírse o logotipo da Deputación; no dos servizos, a publicidade realizada xustificarse por calquera outro medio (publicación en redes sociais, pancartas...).*

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- *En caso de que a entidade beneficiaria xustifícase gastos por un importe inferior ao orzamento inicialmente presentado, pero suficientes para amparar o importe da subvención concedida de acordo con estas bases, non procederá redución ningunha. Pola contra, se a xustificación achegada non acadase o importe mínimo necesario para xustificar a totalidade da subvención concedida, aboaráse unicamente a parte proporcional correspondente aos gastos debidamente xustificadas.*
- *Declararase calquera outra axuda concedida por outros organismos públicos ou privados. No caso de que, coa suma da subvención concedida e dos ingresos doutras subvencións ou axudas, as entidades superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboaráselles a parte proporcional da subvención para que non se supere o custo da actividade subvencionada.*
- *Os gastos incluídos na conta xustificativa deberán pagárselles ás e aos seus provedores antes de presentar a xustificación da subvención.*



- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deberán empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de cen euros (100,00 €) —ou para todos os gastos, independentemente do seu importe, no caso de entidades que non leven contabilidade— implicará que este se considere non subvencionable.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Se a entidade interesada non atendese o requirimento nese prazo, entenderase que renuncia á subvención e ditarase a resolución de perda do dereito ao cobro, que se lle notificará á devandita entidade.*

O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para aboar a subvención, as persoas ou entidades beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, circunstancia que declaran expresamente coa presentación da conta xustificativa.

Décimo oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir o seguinte:

- *Realizar o evento con suxeición ás circunstancias e aos contidos reflectidos na solicitude.*
- *Informar de calquera modificación que lles afecte aos datos contidos na solicitude presentada.*
- *Comunicar, no momento de presentar a solicitude ou en calquera outro posterior ata que se adopte a resolución, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, financien a actividade subvencionada.*
- *Incorporar, en todo tipo de accións de promoción, información ou publicidade utilizadas para a difusión do evento ou en calquera outro soporte ou medio de difusión, o logotipo da Deputación de Pontevedra, dispoñible no portal institucional ou en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación que, no seu caso, poida realizar o órgano competente para conceder a axuda, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan levar a cabo os órganos de control competentes, e achegar canta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os electrónicos, no seu caso, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

Décimo novena. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.



Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>”.

12.35987.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE. 2026002071)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE FORCAREI					
Data de presentación:			09/01/2026 (registro WEB2026001269)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
6	1 peón de recollida de lixo a xornada completa durante 10 meses; 2 condutores/as de tractor e operario/a de servizos e 1 oficial de 1ª de obras a xornada completa durante 9 meses; 1 peón forestal a xornada completa durante 8,5 meses e 1 oficial de 1ª de obras a xornada completa durante 8 meses	134.864,42 €	134.864,42 €	0,00 €	134.864,42 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE FORCAREI	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	134.892,60 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.



- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida



exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV:0S0U378Q2CSBP3DS) e do informe de Intervención (CSV: QD3GW7UDE3CY56KA), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Forcarei* (CIF P3601800J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrência non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Forcarei (P3601800J)	6	1 peón de recollida de lixo a xornada completa durante 10 meses; 2 condutores/as de tractor e operario/a de servizos e 1 oficial de 1ª de obras a xornada completa durante 9 meses; 1 peón forestal a xornada completa durante 8,5 meses e 1 oficial de 1ª de obras a xornada completa durante 8 meses	134.864,42 €

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.



- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.35988.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DA CERTIFICACIÓN Nº7 DA OBRA DE CONSERVACIÓN DA CASA DE COMBARRO. (EXPTE.2025074778)

Con data 19/04/2023 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio asinan o convenio de colaboración da cesión gratuita do inmovible “casa de Combarro”, situado na rúa San Roque 59, para ser destinado a centro de promoción, información e difusión turística, cultural, do patrimonio histórico-artístico e, por tanto, ao desenvolvemento local do territorio. Dito convenio tiña unha duración de dous (2) anos, podendo acordar os asinantes unanimemente a súa prórroga por un período de ata dous (2) anos adicionais.

A edificación atópase nun estado de conservación normal, aínda que se considera necesario realizar obras de conservación e mantemento para a mellora da eficiencia enerxética e funcional. Dado que entre as obrigas da Deputación de Pontevedra se atopa a execución das obras necesarias para o acondicionamento da edificación, solicítase a redacción do proxecto de Conservación da “Casa de Combarro” ao arquitecto D. José Manuel Fernández Barreira que, con data xullo de 2023, asina o proxecto cun importe de orzamento base de licitación que ascende a 116.100,78 €, IVE engadido.

Con data 03/10/2023 a Xunta de Goberno Local do Concello de Poio aproba o proxecto de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 24/11/2023, mediante Resolución Presidencial número 2023008861, apróbase o proxecto para a execución da obra de dito proxecto.

Con data 17.01.2024, mediante Resolución Presidencial número 2024000371, apróbase o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado das obras de Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 12/03/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024002060, adxudícase á empresa REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L. (B70045497) as obras de Conservación da “Casa de Combarro”, por importe de 111.260,78 €, IVE engadido, e un período de catro (4) meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Con data 22/04/2024 asínase o acta de comprobación de replanteo.

Coa mesma data asínase o acta de paralización da obra con motivo da necesidade de trasladar á asociación que utilizaba o inmovible.

En maio de 2024, antes do inicio das obras, realízanse os traballos de inspección necesarios para dar cumprimento ao establecido na aprobación do proxecto acordada pola Xunta de Goberno Local (na sesión



con data 03/10/2023) e, como resultado destes traballos, constátase a presenza de pranchas de fibrocemento que conteñen fibras de amianto. Por esta razón deben modificarse os traballos de demolición previstos para o cumprimento das disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, de acordo ao Real Decreto 396/2006, de 31 de marzo.

Con data 09/09/2024, mediante Resolución Presidencial número 2024007134, autorízase a redacción do proxecto modificado da obra Conservación da “Casa de Combarro”.

Con data 26/02/2025, mediante Resolución Presidencial número 2025001363, apróbase o proxecto modificado da obra, cun importe de 138.138,04 €, IVE engadido, modificar o contrato das obras, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, nun importe de 132.379,35 €, e ampliar o prazo de execución en dous (2) meses.

Con data 28/04/2025 asínase a acta de reinicio das obras.

Con data 05/11/2025, a dirección facultativa e o representante da empresa Revcom Energías Renovables, S.L., asinan a certificación nº 7, relativa ás obras executadas durante o período comprendido entre 14/10/2025 e o 17/10/2025, que ascende á cantidade de 4.493,94 €.

Con data 16/12/2025 a Intervención recolle no seu informe de fiscalización da certificación nº 7 “[...] o convenio asinouse o 19/04/2023 polo que está caducado. Non consta no expediente a tramitación dunha prórroga antes de finalización do prazo establecido no mesmo, nin tampouco a tramitación dun novo convenio[...]”.

De acordo co sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
Revcom Energías Renovables, S.L. (B70045497)	25/457.4500.632.03.2022	
	SUBTOTAL	4.493,94 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	124,84 €
Control de calidade (3% PEM Lic)	Id.	97,70 €
Total descontos	Id.	222,54 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR.....		4.271,40 €



14.35989.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

15.35990.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN ESPAZO PARA USO PEONIL NÚCLEO ARROTEA - ALMOFREI NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE”. (EXPTE. 2026003279)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 07/03/2025 o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, por acordo número 3.8370, aproba a concesión dunha subvención ao concello de CERDEDO-COTOBADE que importa 586.320,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “RECUPERACION ESPAZO PARA USO PEONIL NUCLEO ARROTEA - ALMOFREI NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE” (Expte. 2024072280) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN- PLAN EXTRA 2024	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
732.900,00	586.320,00	0,00	146.580,00

- En data 25/04/2025, mediante acordo plenario núm. 5.8396, modificouse a base quinta do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...) Os Concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026, con cargo ao Plan + Provincia da anualidade correspondente”.



- En data 20/01/2026, mediante rexistro WEB2026003542, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CERDEDO-COTOBADE na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 146.580,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “RECUPERACION ESPAZO PARA USO PEONIL NUCLEO ARROTEA - ALMOFREI NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE” (exp.: 2026003279)., cuxo orzamento ascende a 732.900,00 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de CERDEDO-COTOBADE queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
732.900,00	2024	586.320,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024- exp: 2024072280
	2026	146.580,00	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026- exp: 2026003279

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente:
 - o 2024072280 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2024068617 de 08/11/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 21/01/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF: P3600048G, unha subvención por importe de 146.580,00 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra, do investimento “RECUPERACION ESPAZO PARA USO PEONIL NUCLEO ARROTEA - ALMOFREI NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA” (Expte. 2026003279), cuxo orzamento ascende a 732.900,00 euros.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Cerdedo-Cotobade, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.35991.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e dez minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

